



## Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de  
Fin de Máster.

Máster Universitario en  
Investigación en  
Educación, Diversidade  
Cultural e  
Desenvolvemento  
Comunitario

A pegada educativa  
nos semanarios  
anarcosindicalistas  
galegos

*Solidaridad Obrera de La  
Coruña (1923-1934) e  
Solidaridad (1935-1936)*

Inés Merayo Fernández

Rita Gradaílle Pernas

Curso 2023-2024

Traballo de Fin de Máster presentado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario.

A pegada educativa nos semanarios anarcosindicalistas galegos.  
*Solidaridad Obrera de La Coruña* (1923-1935) e *Solidaridad* (1935-1936)

La impronta educativa en los semanarios anarcosindicalistas gallegos  
*Solidaridad Obrera de La Coruña* (1923-1935) y *Solidaridad* (1935-1936)

The educational impact of Galician anarcho-syndicalist weeklies  
*Solidaridad Obrera de La Coruña* (1923-1935) and *Solidaridad* (1935-1936)

*La próxima revolución debe, ante todo y  
sobre todo, apagar todas las hambres:  
hambre física, hambre intelectual,  
hambre moral.*

Ricardo Mella, 1896, Lombroso y los  
Anarquistas

*El primer paso emancipador consiste en  
la emancipación de la ignorancia.*

Anselmo Lorenzo, 1913, Contra la  
Ignorancia

## Declaración Ética

Dña. Inés Merayo Fernández, estudante do Máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario, en calidade de autora do TFM titulado “A pegada educativa nos semanarios anarcosindicalistas galegos. *Solidaridad Obrera de La Coruña* (1923-1935) e *Solidaridad* (1935-1936)”

### Declara que,

O presente Traballo de Fin de Máster elaborado no marco do Máster de Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario é unha investigación orixinal que en ningún dos seus apartados incurre no plaxio.

Para que conste aos efectos oportunos.

En Santiago de Compostela, a 26 de xuño de 2024

A handwritten signature in black ink, consisting of two lines. The top line is a stylized, cursive 'Inés' with a long horizontal stroke extending to the right. The bottom line is a cursive 'Merayo'.

Asdo. Inés Merayo Fernández

Estudiante

## Resumo:

A investigación estuda a influencia educativa dos semanarios anarcosindicalistas galegos *Solidaridad Obrera de La Coruña* (1923-1935) e *Solidaridad* (1935-1936), co obxectivo de analizar o contido educativo destas publicacións. O estudo ten como propósito destacar a relevancia das prácticas e discursos educativos no contexto do movemento obreiro galego prefranquista, proporcionando unha perspectiva sobre o papel transformador da educación anarquista. A memoria histórica é esencial para preservar a identidade colectiva e recoñecer as loitas e prácticas educativas esquecidas do pasado. A metodoloxía empregada combina a análise histórico-educativa e a análise de contido dos mencionados semanarios. Este enfoque permitiu identificar e categorizar os temas educativos recorrentes, así como os valores promovidos polos xornais.

Os resultados principais mostran que os semanarios non só proporcionaban información sobre educación regrada e popular, senón que tamén funcionaban como vehículos de emancipación social. Promovían un modelo educativo alternativo baseado na autoxestión, a formación integral das persoas e a transformación radical da sociedade. Este enfoque integrador e revolucionario destacaba pola súa capacidade de combinar a defensa de métodos pedagóxicos activos e libertarios cunha forte intención de cambio social. Ademais, a investigación subliña a capacidade do movemento anarcosindicalista galego para adaptarse e resistir ás circunstancias adversas, evidenciando a importancia da educación no proceso de emancipación obreira. Galicia, particularmente A Coruña, emerxe como un epicentro significativo de resistencia e innovación educativa obreira, desafiando a percepción estereotipada da rexión. A investigación conclúe que a visión educativa ácrata galega ofrece leccións valiosas sobre a educación como forza para o cambio social e a xustiza histórica, mantendo a súa relevancia e inspiración no contexto actual.

**Palabras chave:** Anarquismo, Educación Comunitaria, Memoria Colectiva, Prensa

## Resumen

La investigación estudia la influencia educativa de los semanarios anarcosindicalistas gallegos *Solidaridad Obrera de La Coruña* (1923-1935) y *Solidaridad* (1935-1936), con el objetivo de analizar el contenido educativo de estas publicaciones. El estudio tiene como propósito destacar la relevancia de las prácticas y discursos educativos en el contexto del movimiento obrero gallego prefranquista, proporcionando una perspectiva sobre el papel transformador de la educación anarquista. La memoria histórica es esencial para preservar la identidad colectiva y reconocer las luchas y prácticas educativas olvidadas del pasado. La metodología empleada combina el análisis histórico-educativo y el análisis de contenido de los mencionados semanarios. Este enfoque permitió identificar y categorizar los temas educativos recurrentes, así como los valores promovidos por los periódicos.

Los resultados principales muestran que los semanarios no solo proporcionaban información sobre educación formal y popular, sino que también funcionaban como vehículos de emancipación social. Promovían un modelo educativo alternativo basado en la autogestión, la formación integral de las personas y la transformación radical de la sociedad. Este enfoque integrador y revolucionario destacaba por su capacidad de combinar la defensa de métodos pedagógicos activos y libertarios con una fuerte intención de cambio social. Además, la investigación subraya la capacidad del movimiento anarcosindicalista gallego para adaptarse y resistir a las circunstancias adversas, evidenciando la importancia de la educación en el proceso de emancipación obrera. Galicia, particularmente La Coruña, emerge como un epicentro significativo de resistencia e innovación educativa obrera, desafiando la percepción estereotipada de la región. La investigación concluye que la visión educativa ácrata gallega ofrece lecciones valiosas sobre la educación como fuerza para el cambio social y la justicia histórica, manteniendo su relevancia e inspiración en el contexto actual.

**Palabras clave:** Anarquismo, Educación Comunitaria, Memoria Colectiva, Prensa

## **Abstract**

The research analyzes the educational influence of the Galician anarcho-syndicalist weeklies *Solidaridad Obrera de La Coruña* (1923-1935) and *Solidaridad* (1935-1936), with the objective of examining the educational content of these publications. The study aims to highlight the relevance of educational practices and discourses within the pre-Francoist Galician labor movement, offering a perspective on the transformative role of anarchist education. Historical memory is essential to preserving collective identity and recognizing the forgotten educational struggles and practices of the past. The methodology employed combines historical-educational analysis and content analysis of the mentioned weeklies. This approach allowed for the identification and categorization of recurring educational themes, as well as the values promoted by the newspapers.

The main findings show that these weeklies not only provided information on formal and popular education but also served as vehicles for social emancipation. They promoted an alternative educational model based on self-management, the integral development of individuals, and the radical transformation of society. This integrative and revolutionary approach stood out for its ability to combine the advocacy of active and libertarian pedagogical methods with a strong intent for social change. Furthermore, the research underscores the Galician anarcho-syndicalist movement's ability to adapt and resist adverse circumstances, highlighting the importance of education in the process of worker emancipation. Galicia, particularly La Coruña, emerges as a significant epicenter of worker resistance and educational innovation, challenging the stereotypical perception of the region. The research concludes that the Galician anarchist educational vision offers valuable lessons on education as a force for social change and historical justice, maintaining its relevance and inspiration in the contemporary context.

**Keywords:** Anarchism, Community Education, Collective Memory, Press

# Índice de contidos

Introdución .....	1
1. Contexto histórico-educativo .....	3
1.1. Contexto social. Movemento obreiro e libertario galego prefranquista .....	3
1.2. Contexto educativo. A educación en Galicia no albor do século XX .....	9
1.3. Diálogo socio-educativo en clave histórica .....	14
1.3.1. Os principios anarquistas na educación .....	19
1.3.2. O papel da prensa obreira.....	23
2. Fundamentación e desenvolvemento metodolóxico .....	25
2.1. Metodoloxía de investigación histórico-educativa .....	25
2.2. Características metodolóxicas do proceso de investigación .....	27
2.2.1. Análise contextual.....	27
2.2.2. Análise de contido.....	28
3. As revistas Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad .....	32
3.1. Antecedentes, trazos e horizontes.....	32
3.2. Análise de contidos educativos nos semanarios.....	33
3.2.1. Educación Regrada.....	35
3.2.2. Educación Popular .....	39
3.2.3. Asistencia Benéfico-Social .....	45
3.2.4. Socialización de Xénero Feminina .....	50
3.3. Conclusións parciais da análise de contido .....	54
4. Unha breve achega ao pensamento pedagóxico no anarcosindicalismo galego .....	57
Conclusións .....	59
Bibliografía.....	62
Fontes primarias documentais.....	62
Referencias Bibliográficas .....	62
Anexos.....	69
Anexo I. Cronoloxía do proceso da investigación .....	69
Anexo II. Esquema de procedemento da análise de contido .....	70
Anexo III. Números dos semanarios dispoñibles .....	71
Anexo IV. Táboas de análise xeral .....	72
Anexo V. Táboas de análise de Educación Regrada .....	76
Anexo VI. Táboas de análise de Educación Popular .....	78
Anexo VII. Táboas de análise de Asistencia Benéfico-Social .....	81
Anexo VIII. Táboas de análise de Socialización de Xénero Feminina.....	83

## Índice de táboas e figuras

Táboa 1. Sistema de categorías utilizado na análise de contido da investigación	32
Figura 1. Intensidade da presenza de cada unha das categorías nos semanarios	34
Figura 2. Distribución de artigos por anos e categorías	35
Figura 3. Intensidade da presenza de cada un dos ítems de Educación Regrada nos semanarios	37
Figura 4. Evolución da presenza de Educación Regrada nas publicacións	37
Figura 5. Intensidade da presenza de cada un dos ítems de Educación Popular nos semanarios	41
Figura 6. Evolución da presenza de Educación Popular nas publicacións	41
Figura 7. Intensidade da presenza de cada un dos ítems de Asistencia benéfico-social nos semanarios	47
Figura 8. Evolución da presenza de Asistencia Benéfico-Social nas publicacións	47
Figura 9. Intensidade da presenza de cada un dos ítems de Socialización de xénero feminina nos semanarios	52
Figura 10. Evolución da presenza de Socialización de Xénero Feminina nas publicacións	52
Táboa 2. Temporalización do proceso de investigación	70
Figura 11. Esquema de procedementos na análise de contido	71
Táboa 3. Números dispoñibles na Biblioteca da USC, na Biblioteca de Estudos Locais de A Coruña e no rexistro dixital de Nomes e Voces.	72
Táboa 4. Os contidos educativos dos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad	73
Táboa 5. Os contidos educativos dos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad ao longo da súa traxectoria	73
Táboa 6. O discurso arredor da Educación Regrada nos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad	77
Táboa 7. Evolución dos contidos sobre Educación Regrada nos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad	77
Táboa 8. O discurso arredor da Educación Popular nos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad	80
Táboa 9. Evolución dos contidos sobre Educación Popular nos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad	80
Táboa 10. O discurso arredor da Asistencia benéfico-social nos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad	83
Táboa 11. Evolución dos contidos sobre Asistencia benéfico-social nos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad	83
Táboa 12. O discurso arredor da Socialización de xénero feminina nos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad	85
Táboa 13. Evolución dos contidos sobre Socialización de xénero feminina nos semanarios Solidaridad Obrera de La Coruña e Solidaridad	85

## **Índice de siglas e abreviaturas**

AIT: Asociación Internacional de Trabajadores

CRG: Comité Rexional Galaico

CNT: Confederación Nacional do Traballo

FTRE: Federación de Traballadores da Rexión Española

FRE: Federación Rexional Española

ILE: Institución Libre de Enseñanza

JAE: Junta de Ampliación de Estudios

PCE: Partido Comunista de España

UGT: Unión General de Trabajadores

## Introdución

El profesor Tiana Ferrer escribía, en el año 2014, que “no hay que confundir la formalización de un campo profesional o de una disciplina académica con la inexistencia previa de prácticas profesionales concretas en el mismo ámbito” (p. 21). É por isto que o presente Traballo de Fin de Máster emana desta concepción e nace co obxectivo de desocultar e lembrar unha parte da Historia da Educación que –moitas veces– permanece esquecida. A súa finalidade representa unha herdanza lexítima, en clave de xustiza histórica, para todas as accións socioeducativas desherdadas e que foron desenvolvidas no pasado. Esta é a razón principal que motiva a realización deste estudo, pois a memoria –forxada historicamente mediante a construción de representacións, símbolos e significados– erixe a nosa identidade individual e colectiva, tanto no relativo ás profesionais da educación como no caso das descendentes do movemento obreiro decimonónico.

Dende unha perspectiva máis académica, o interese da investigación reside nas teorías e prácticas socioeducativas levadas a cabo polo movemento obreiro galego a comezos do século pasado, encadrándose na liña de investigación referida á *Educación e sociedade en Galicia: Historia e presente*. Neste senso, o movemento obreiro pode definirse como o conxunto de organizacións e accións colectivas emprendidas polo proletariado e as súas alianzas, co obxectivo de mellorar as condicións laborais, loitar polos dereitos civís e promover a xustiza social. Un movemento que xurde no século XIX durante a Revolución Industrial como resposta ás duras condicións de traballo, a explotación e a desigualdade económica xerada polo capitalismo industrial, desempeñando un papel crucial na historia social e económica moderna, polo que foi considerado o primeiro dos movementos cidadáns da Historia polo seu carácter interclasista e transformador (Míguez Macho, 2008). Porén, dentro da grande diversidade ideolóxica no movemento obreiro, o presente traballo céntrase nas correntes anarquistas debido ao amplo desenvolvemento teórico-práctico das súas pedagogías. Doutra banda, Ortega Esteban et al. (2023) conceptualizan a Educación Social como unha:

“acción de relación, de ambientación, de contexto, de convivencia, de dinamización, de socialización, de culturalización, de civilización, pero también de inclusión, inserción y reinserción, de acción optimizadora, liberadora y transformadora; proyectando su praxis en la infancia, la juventud, en la adultez, tanto en general, como en situaciones problemáticas o de dificultad o conflicto social” (p. 37)

De aí que, partindo da idea dunha educación omnipresente no desenvolvemento político e histórico da sociedade, este traballo de investigación estudiará as relacións do movemento obreiro anarquista coa Pedagogía-Educación Social nas décadas de 1920 e 1930 –ata o golpe de Estado de 1936– en Galicia.

A pesar do férreo interese e esperanza que estas organizacións obreiras depositaron na educación como ferramenta *de e para* a emancipación social, non se teñen estudado en profundidade as correntes pedagóxicas e as prácticas concretas que se desenvolveron na Galicia obreira prefranquista. Deste xeito, a hipótese heurística deste estudo trata de responder á *importancia que se lle deu á educación dende o anarquismo galego?*; mentres que a hipótese factográfica oriéntase a identificar *que correntes pedagóxicas defende e practica o anarquismo galego prefranquista?* (Cardoso, 2000). Debido a cuestións metodolóxicas e temporais, decídese pescudar na procura de respostas a través do estudo dos principais semanarios anarcosindicalistas da época en Galicia, considerando a súa relevancia e impacto social, así como a dispoñibilidade e accesibilidade de exemplares nos que se fundamenta esta investigación.

Así, partindo da delimitación do problema de estudo, das hipóteses formuladas e das decisións tomadas, establécese como obxectivo xeral: *Analizar o contido educativo destes semanarios anarcosindicalistas*. Un obxectivo que se concretará nos seguintes tres específicos:

- Identificar os elementos educativos –regrados e non regrados– aos que aluden os semanarios
- Comprender as principais correntes de pensamento pedagóxico representadas e a súa coherencia coa ideoloxía libertaria
- Estudar a evolución (de habela) nas propostas e iniciativas pedagóxicas representadas nestes semanarios

Deste modo, deséñase unha investigación de campo de corte histórico-educativo que analizará fontes primarias e secundarias na busca de respostas, pero tamén de referentes históricos entre as clases subalternas. A revisión bibliográfica, xunto coa técnica de análise de contido utilizada para o estudo dos semanarios, conforman unha investigación cunha análise mixta dos datos co fin de comprender, profundar e dimensionar os resultados.

Ao longo das seguintes páxinas preséntase o informe que deriva desta investigación, comezando coa explicación da contextualización histórico-educativa da realidade galega prefranquista, continuando co proceso metodolóxico deseñado. A continuación, presentaranse os resultados da análise de contido realizada dos semanarios que conforman o estudo, así como a súa discusión coa contextualización emanada da bibliografía especializada. O informe finaliza con unhas conclusións arredor das achegas do traballo ao corpus teórico da Historia da Educación en xeral e ás competencias do Máster en particular.

Como derradeira aclaración, cómpre indicar que o movemento obreiro foi un espazo amplamente masculinizado ao longo da historia debido aos roles de xénero establecidos e ás dobres e triples xornadas que as mulleres se viron obrigadas a asumir. Non obstante, no presente informe, óptase por utilizar unha linguaxe consciente e intencional, empregando

substantivos neutros ou colectivos para reflectir a diversidade de xéneros, malia que a meirande parte de expresións estarán en masculino debido á marcada ausencia de mulleres nestas dinámicas. Un enfoque que permite recoñecer e abordar as inxustizas históricas dende a linguaxe, sen restarlles importancia á complexidade das experiencias desenvolvidas polas mulleres dentro do movemento obreiro.

No referido ás citas, indicar que se respectou a lingua orixinal das mesmas; ademais –no relativo ao sistema de citación– cómpre destacar que se realizou unha escolla intencional no, optando por utilizar ambos apelidos nas citas e referencias a fin de promover a igualdade de xénero e respectar a identidade das persoas autoras, garantindo o dereito a decidir como queren ser citadas. Esta práctica trata de corrixir unha limitación das normas APA, que tradicionalmente utilizan un só apelido, favorecendo o paterno. Ademais, estableceuse unha división na bibliografía, separando as fontes primarias das referencias secundarias, facilitando a distinción entre documentos orixinais e as análises interpretativas. Esta elección organizativa é especialmente útil para un estudo histórico sobre periódicos específicos, xa que permite unha mellor comprensión e claridade no manexo das fontes.

## **1. Contexto histórico-educativo**

Aínda que tradicionalmente a educación se ten asociado coa escolarización, a diversidade de teorías e prácticas desenvolvidas fóra da escola garda múltiples relacións co que hoxe en día se entende –nun sentido amplo e crítico– por educación (social). Unha educación con un carácter inherentemente social e, por tanto, tamén político. Así, e debido a estas sinerxías entre o educativo e o social, ao longo das seguintes páxinas realizarase unha análise de ambas realidades –coa separación que permita as súas interrelacións–, e un apartado final que contemple a análise da intersección entre a educación anarquista e a prensa obreira desde unha óptica socioeducativa. No fundamental, mediante unha análise dedutiva, percorrerase os trazos máis característicos da educación, a sociedade e as prácticas socioeducativas en Europa e Galicia nos inicios do século XX.

### **1.1. Contexto social. Movemento obreiro e libertario galego prefranquista**

O movemento obreiro europeo conformouse entre os anos 1750 e 1872, mentres que no territorio español a súa organización comezaría a partir da década de 1830 (Raffaelli, 2013). A consolidación –no ano 1864– da AIT, foi a antesala da revolución de 1868 e da aprobación da Constitución liberal (1869) que legalizaba o dereito de asociación. Corría o ano 1870 cando –enviado de Bakunin– Giuseppe Fanelli introduciría a AIT en España (Barral Martínez, 2012); coincidindo co ano de celebración do Primer Congreso Obrero Español en Barcelona, no que se fundaría a Federación Rexional Española (FRE), adherida á Primeira Internacional (Raffaelli, 2013; Seco Serrano, 1986). Nos vindeiros anos organizáronse a Conferencia de

Valencia (1871) e o Segundo Congreso de Zaragoza (1872), co fin de confrontar a facción marxista da Internacional e consolidar o posicionamento bakunista en España (Raffaelli, 2013). As sublevacións e motíns acontecidos en 1869, a experiencia da Comuna de París e o crecemento da FRE constituíron as principais causas da rápida expansión do anarquismo na península.

Neste panorama, entrando xa no período da Restauración, comezaron os avances en materia de lexislación laboral, sobre todo no referido ao dereito ao traballo para combater a miseria, a mellora dos salarios ou a redución das xornadas laborais. Sería na década dos anos oitenta cando comezan a organizarse federacións locais e prensa obreira en todo o Estado, sobre todo a partir da restauración da liberdade de asociación en 1881 polo goberno liberal de Sagasta (Brey, 1982), motivando a transformación da FRE na Federación de Traballadores da Rexión Española (FTRE). Porén, a verdadeira proliferación de sociedades de resistencia obreira e campesiña xorde a partir de 1887, cando se aproba a Lei de Asociación (Barral Martínez, 2012). Así as cousas, e pese a que a principios do século XX o asociacionismo obreiro era habitual, a afiliación a sindicatos non o era tanto. Con todo, nun escenario social marcado polas guerras nacionais e internacionais, o auxe da industria militar non foi quen de silenciar as conciencia antimilitaristas do proletariado español, polo que comezaron a organizarse para facerlle fronte (Genofonte, 1996).

Correría o verán de 1907 cando Barcelona acolle a fundación de Solidaridad Obrera; unha federación local de sociedades de resistencia referente no Estado debido á proliferación de sindicatos en moitas provincias españolas (Genofonte, 1997). Tres anos máis tarde, todos os sindicatos foron convocados a un congreso estatal no que se fundaría a Confederación Nacional do Traballo (CNT). No seo deste novo sindicato, de orientación libertaria, atopábanse ideoloxías moi diversas: kropotkianos, bakunistas, mutualistas, individualistas, propagandistas, naturistas... e obreiros sindicalistas sen ideoloxías concretas. Pero non sería ata o congreso celebrado no Teatro da Comedia de Madrid (1919) cando se establecería un horizonte común da CNT: o comunismo libertario (Tiana Ferrer, 1987). Poucos anos máis tarde, en 1922, consensuaríase –na conferencia de Zaragoza– a postura de rexeitamento ao parlamentarismo e a necesidade da CNT de intervir en todos os aspectos sociais, non só no ámbito laboral (Pereira, 1994). Con estas premisas, e ante a censura e clausura de sindicatos da ditadura de Primo de Rivera, a CNT reciclou o seu rol tradicional de sindicato para consolidar os seus centros culturais, grupos teatrais, clubs naturistas e excursionistas, etc. (Tiana Ferrer, 1987).

A proclamación da Segunda República foi concibida como un período construtivo no eido social, económico e laboral. O sindicalismo socialista complementou e apoiou as reformas republicanas, a diferenza do anarcosindicalismo pois consideraban que os conflitos laborais –como a folga de Telefónica– seguían a darse e obstaculizarse polos crebafolgas

republicanos (Pereira, 1994). A legalización das asociacións impulsou grandes sinerxías entre os ateneos e os sindicatos, manténdose ata o final da guerra do 36. De feito, as demandas e postulados realizadas pola CNT no congreso de maio de 1936 incorporan ao seu programa revolucionario o usufruto das terras comunais para os sindicatos e a explotación colectiva (Pereira, 1994).

Neste devir histórico cómpre destacar a influencia da masonería, que artellaba os seus principios nunha dobre tríada –a proclama da Ilustración francesa; e o laicismo, o amor á ciencia e ao progreso–, que tivo un grande impacto no desenvolvemento das ideas e políticas tanto da Institución Libre de Enseñanza (ILE) como da Segunda República (Erias Martínez, 2005).

Se ben é certo que a concepción marxista do arquetipo de proletariado dificulta a análise da realidade contemporánea galega, xa que a meirande parte do obreirismo non responde nin participa nese modelo ideal de industrialización (Míguez Macho, 2008a), os inicios da organización obreira galega pódense percibir en determinadas dinámicas sociais coma os motíns mariñeiros contra a burguesía catalá, os motíns de Sargadelos, a folga do Arsenal de Ferrol en 1795 ou a mobilización ludista das case catro mil mulleres da Fábrica de Tabacos coruñesa en 1857 (Barral Martínez, 2012). Uns motíns que historicamente foron unha ferramenta de loita feminina para a defensa dos recursos básicos das súas familias. Aínda que os primeiros brotes do asociacionismo xorden a partir de 1840 cos socorros mutuos, non sería ata finais do século XIX cando se fragua un indicio de movemento obreiro galego nos sectores tradicionais (Arsenal de Ferrol, mariñeiros, conserveiras, agraristas, etc.). No ano 1870 as organizacións obreiras de A Coruña e Ferrol adhírense á FRE e dous anos máis tarde tería lugar a primeira folga galega organizada dende o sindicalismo polos carpinteiros coruñeses (Barral Martínez, 2012). Neste tempo proliferan as mutualidades, que evolucionan das organizacións de socorros mutuos de carácter interclasista e que desempeñaron “un papel indudable en el aprendizaje de la vida asociativa y constituyeron una estructura privilegiada de la práctica solidaria y democrática” (Brey, 1994, p. 246). A este respecto, Míguez Macho (2008b) coincide en sinalar que o asociacionismo nesta época non constitúe o preámbulo dun hipotético progreso, senón que se converte nunha necesidade derivada das circunstancias e forma parte do propio proceso revolucionario. Fronte a este mutualismo, caracterizado pola dependencia cara quen tiña e doaba máis recursos, nacen as sociedades obreiras coa vontade rebelde de independizarse destes lazos paternalistas (Míguez Macho, 2008a).

Neste escenario, é preciso facer un breve inciso sobre o papel da muller no mundo obreiro e asociativo; xa que, aínda que se tende a pensar que o sector feminino tivo menor presenza nas reivindicacións sociais e laborais, cómpre dicir que os motíns –principalmente aqueles que reclamaron suministros básicos– acontecen con séculos de anterioridade á

organización estruturada de asociacións e folgas, sendo liderados na escena comunitaria polas mulleres (Pereira, 1992). Ademais, ata ben entrado o século XX, a folga non foi unha práctica feminina habitual, a pesar de que non repercutía no traballo reprodutivo, de coidados e mantemento das familias e comunidades durante o tempo que podía durar unha folga (Pereira, 1992). De aí o protagonismo e significancia das mulleres que, no caso de Galicia, representaba máis da metade do sector secundario (Brey, 2005) e foron a salvagarda da propia comunidade.

Este movemento obreiro artellouse arredor das ideas de emancipación proletaria; sendo o movemento libertario o que tratou de estruturar –sen éxito– unha Federación Solidaridad Obrera de Galicia en 1911, adherida á CNT e seguindo o patrón da organización barcelonesa (Freán Hernández, 2013). Sen embargo, coa chegada da Grande Guerra e o conseguinte desenvolvemento industrial estendéronse as folgas xerais (1916-1917), integrando o societarismo galaico na CNT e UGT (Pereira, 1994). Así, entre os fitos acadados polo anarquismo galego destaca –na década de 1910– a xornada de oito horas na meirande parte dos oficios coruñeses, o xermolo de ateneos obreiros como o Centro de Estudios Sociales Germinal (1902), proxectos agraristas como a Unión Campesina (1907), o Congreso Internacional de la Paz en Ferrol (1915) ou a prensa editada *por* e *para* o país (Fernández Fernández e Pereira, 2004).

O Congreso Internacional de la Paz, celebrado en Ferrol en 1915, tivo unha notable relevancia; xa que, nesta época, o anarquismo internacional estaba dividido entre os posicionamentos aliadófilos –de Reclus, Kropotkin, Malato ou o galego Ricardo Mella<sup>1</sup>, entre outros– e o pacifismo –representado por Malatesta e Faure– (Freán Hernández, 2013). A súa celebración serviu de punto de encontro para que sindicalistas de toda a península deseñasen estratexias de estruturación anarquista (Brey, 2005; Fernández Fernández, 2010); e pese a que o seu carácter era internacional, o goberno conservador de Eduardo Dato limitou a entrada de persoeiros de toda Europa (Freán Hernández, 2013).

Cada cidade mantiña a súa tradición ideolóxica e organizativa. Así, mentres Vigo e Ferrol lideraban o societarismo socialista, A Coruña e Compostela tiñan a hexemonía libertaria (González Probados, 1990). Isto tamén impulsou dinámicas de unión e solidariedade entre os territorios e os sindicatos, aínda que os conflitos estaban patentes e influíron decisivamente no devir sindical. Ao fin e ao cabo, o obxectivo a nivel social era o mesmo: organizar á sociedade civil e formar un concepto de cidadanía común mediante o asociacionismo cultural e laboral (Míguez Macho, 2008b). De feito, a diversidade interna de cada organización constituía unha realidade plural que o anarquismo debía abrazar, coa

---

<sup>1</sup> Ricardo Mella foi un destacado teórico anarquista galego. No seu pensamento pedagóxico, promoveu a educación libertaria, defendendo un ensino baseado na liberdade, a autoxestión e a formación integral do individuo, opoñéndose á educación autoritaria e dogmática (Lázaro Lorente, 2024).

vontade de manter unha función educadora para cos traballadores non politizados, evitando a imposición de crenzas (Pereira, 1994).

A consolidación da organización libertaria en Galicia tivo lugar coa creación do Comité Rexional Galaico (CRG) en 1922 (Costa Rico, 2021; Genofonte, 1996). Despois da celebración do congreso do Teatro Comedia (1919), e debido ao xurdimento do Partido Comunista de España (PCE), abríronse as portas para a creación de comités rexionais en prol dunha estrutura máis forte e descentralizada (Míguez Macho, 2008a; Pereira, 1994). Na fundación deste comité estiveron representados uns 25.000 traballadores galegos, sendo o único –xunto co astur-leonés– que se mantivo durante a ditadura primorriverista grazas a manter un perfil máis moderado que o resto de federacións (Freán Hernández, 2013; Pereira, 1992). A sede do comité situábase en A Coruña, onde se constituíu o voceiro semanal *Solidaridad Obrera*, nun primeiro intre baixo a dirección de José Suárez Duque, secretario do CRG (Genofonte, 1996, Pereira, 1994). Coa chegada da ditadura de Primo de Rivera e a prohibición dos sindicatos, a CNT estivo perseguida e relegada á clandestinidade (Fernández Fernández, 2010). Sería no ano 1925 cando Ángel Pestaña<sup>2</sup>, principal figura do anarquismo moderado da CNT, propón darlle maior protagonismo aos comités rexionais para descentralizar a acción da cidade condal (Pereira, 1994). O CRG mantivo as súas accións dentro da legalidade, optando pola moderación que lle permitiu manter a súa estrutura, aínda que de xeito reducido e focalizado en Compostela, A Coruña e Vigo (Pereira, 1994).

Aterrando agora no territorio galego, na súa estrutura socioeconómica nunca predominou o traballo asalariado, mais esta dinámica mudou en tan só unha década do 82,78% do sector primario en 1920 cara ao 65,32% en 1930 (Costa Rico, 1989). Este sector estaba composto principalmente pola pesca, agricultura, gandería e minería; mentres que no resto de sectores primaban a conserva, cerámica, metalurxia, construción, téxtil e hostalaría (Pereira, 1994). Con todo, o produto rexional bruto *per capita* galego era o máis baixo de España (Brey, 2005). A poboación urbana galega de 1930 reducíase ao 14%, repartida principalmente entre Pontevedra e A Coruña, as cidades con máis industria (Pereira, 1994). A reducida rede industrial galega xerou un proletariado minoritario que, ademais, pola propia idiosincrasia do país non deixou de traballar a terra, polo que foi habitual a dobre xornada dos obreiros.

A Segunda República foi un tempo de esplendor en moitos aspectos. Tamén para o anarquismo español que, prestixiado pola súa persecución durante a ditadura, chega a sobrepasar a afiliación da UGT (Fernández Fernández, 2010). No verán do ano 1931, poucos meses despois da proclamación da II República, aumenta a conflictividade e crebouse a

---

<sup>2</sup> Ángel Pestaña foi un líder sindical e moderado da CNT, defensor da colaboración política e crítico do anarquismo insurreccional (Fernández Fernández e Pereira, 2004).

confianza no novo goberno. A Federación Local de A Coruña comezou unha folga contra os abusos salariais de Telefónica e tras pedir apoio noutros sindicatos, a UGT optou por non secundar a folga, polo que se reviviron as tradicionais tensións entre sindicatos (Pereira, 1994). Un ano despois, coa nova Lei de Asociacións que obstaculizaba a acción directa e afastaba da legalidade ás sociedades agrarias galegas, a esperanza libertaria na República xa estaba perdida e deriva en fortes conflitos internos entre moderados e radicais da CNT (Pereira, 1994). A principal diferenza consistía na definición do proceder revolucionario que os moderados *treintistas* –representados no manifesto dos trinta de 1931– querían establecer, e os máis radicais –como o coñecido Durruti– que querían deixalo á vontade popular de cada momento e lugar (Pereira, 1994). A estratexia de reconstrución da CNT foi crear Federacións nacionais de industria, establecer un salario mínimo, a xornada de seis horas e a liberdade para os presos político-sociais (Pereira, 1992). En torno a estas reivindicacións é onde se pode analizar a capacidade de adaptación do anarquismo, xa que en Galicia –territorio sen estruturación sindical, sen cadros de mando experimentados e cun equilibrio de forzas coa UGT– decide manterse, por pragmatismo, na moderación e facer un esforzo por “seguir as recomendacións de Mella para axeitar programa e propaganda ás condicións sociais específicas do noso país” (Pereira, 1994, p. 209). Malia esta perda de confianza, o aperturismo republicano permitiu a constitución de novas asociacións e converteuse nun tempo para o auxe das edicións obreiras (Freán Hernández, 2013). Tamén o socialismo, coa entrada da CEDA no goberno, parte polo camiño da radicalización en 1933 (Freán Hernández, 2013). Un ano máis tarde, proclámase unha folga xeral en contra da dereitización do goberno, na que ademais da represión contra os obreiros, destacou a estratexia de unidade de acción entre CNT e UGT (González Probados, 1990).

No territorio galego os principais sectores económicos eran o mar e o agro. O asociacionismo mariñeiro tivo unha presenza constante dende finais do século XIX nos portos de Vigo, A Coruña, Marín e Pontevedra, espallándose polo litoral a partir de 1920 (Pereira, 1992). A este respecto, Dionisio Pereira (1994), destaca o Despertar Marítimo como a primeira organización mariñeira confederal en 1914; que, tras a atomización durante a ditadura e un accidente fatal que acabaría coa vida de 42 tripulantes en 1930, reestrutúrase como a sección pesqueira de Vigo co nome de Federación Regional Pesquera, evolucionando en 1931 á Federación Regional de Industria Pesquera, que foi –ata 1933– a primeira federación de industria galega. Baixo a secretaría de Manuel Fandiño<sup>3</sup> reclamaron melloras laborais á par que mantiveron unha implacable solidariedade intersectorial, configurándose como unha forza social determinante nas cidades e vilas costeiras (Pereira, 1994).

---

<sup>3</sup> Manuel Fandiño foi un destacado militante da CRG-CNT e irmán de, Maruxa e Coralía, As Marías compostelás coñecidas pola súa resistencia durante o franquismo (Fernández Fernández e Pereira, 2004).

A cuestión agraria foi, pola contra, máis complexa e poliédrica. Neste eido, cómpre interrogarse sobre a tradicional perspectiva historiográfica unidireccional, que establece influencias só dende o obreirismo cara ao agrarismo, así como os conceptos enfrontados de atraso do agro ou desenvolvemento da urbe (Míguez Macho, 2008a). Coa crise agraria finisecular brota o societarismo agrario e dá os seus primeiros pasos cara ao movemento agrarista (Barral Martínez, 2012). A intervención da Igrexa neste ámbito impulsou un asociacionismo agrícola católico que funcionou como cortalumes fronte a outras correntes ideolóxicas do agrarismo autónomo e abolicionista (Brey, 2005). A penetración da ideoloxía socialista no campo foi, segundo González Probados (1990), lenta pero moi fonda. O asociacionismo agrario comeza a principios do século coa fundación en 1907 de Solidaridad Gallega –de ideais socialistas e rexionalistas– e a Unión Campesina –ligada ao anarquismo coruñés–, reivindicando non só cuestións sociolaborais, senón tamén políticas contra o caciquismo (Míguez Macho, 2008a). No plano libertario, o Congreso do Teatro Comedia (1919) restrinxiu os posicionamentos sobre o agrarismo ás grandes tenencias de terra, sen considerar outras idiosincrasias como a galega, que tivo que crear o seu propio sistema (Pereira, 1994); pois xa en tempos republicanos o CRG fomentou novas formas de comercio a través da creación de comunas labregas (Pereira, 1994). No eido galeguista recolle, desde 1931, a estela das asembleas agrarias e das Irmandades da Fala o Partido Galeguista, cuxo horizonte era o cooperativismo agrario, a diferencia dos anarquistas e socialistas que o entendían coma un paso intermedio no proceso revolucionario (Erias Martínez, 2005). Nestes anos republicanos houbo un auxe da influencia americana na economía societaria a través da emigración, que apoiou maioritariamente ás asociacións agrarias sempre que non estiveran politizadas (Fernández Prieto et al., 1996).

## **1.2. Contexto educativo. A educación en Galicia no albor do século XX**

A xénese dos sistemas escolares europeos atopa o seu xermolo na incorporación social de masas ao sistema produtivo, a fin de responder á necesidade de formar a traballadores cualificados no novo mundo industrial do século XIX (Ruiz Berrio, 1999). A implantación da obrigatoriedade da educación revela o descubrimento dunha ferramenta de defensa e lexitimación da orde social coa finalidade de evitar conflitos sociais por medio da moralización dende as institucións (Tiana Ferrer, 1989). A paulatina xeralización da instrución primaria tivo unha capacidade alfabetizadora determinante para a difusión masiva da lectura (Guereña e Tiana Ferrer, 2001).

O século XIX converteuse en testemuña da transición do evolucionismo cara ao positivismo defensor da ciencia e da experimentación. Así, o sistema educativo comezou a entenderse como unha estrutura de socialización, tecendo novos conceptos que ampliaban o sentido e significado da educación (Tiana Ferrer et al., 2014). A educación social queda

daquela apartada das institucións escolares e comeza a equipararse a educación coa escolarización. Con todo, será nas derradeiras décadas decimonónicas cando xorden novas correntes filosófico-pedagóxicas que constituirán o movemento europeo de Escola Nova, que –asentándose na pretendida pedagogía científica– promove centros entendidos como laboratorios pedagóxicos con métodos activos de aprendizaxe que favorecen a autonomía e formación axiolóxica das crianzas (Costa Rico, 1996). As influencias filosóficas e pedagóxicas virán da man de Dewey, Decroly, Montessori, Kerschensteiner, Natorp e Claparède, quen funda o Institut des Sciences de l'Éducation Rousseau en Suíza no ano 1912.

Nas décadas do último terzo do século XIX, a evolución dos estados liberais europeos cara ao intervencionismo dan paso a políticas públicas socioeducativas (Tiana Ferrer, 2003), que –segundo advirte Caride (2005)– contribúen a dar protagonismo ás persoas para educar e educarse en comunidade. Así, en paralelo ao proceso de industrialización e expansión das desigualdades xorde a Pedagogía Social, como resposta socioeducativa a unha sociedade en crise.

As políticas públicas europeas do século XIX e principios do XX –quer benéfico-sociais, quer educativas– foron auspiciadas principalmente pola iniciativa privada, impulsando a creación de asociacións feminizadas que se converteron en predecesoras do terceiro sector (Guereña e Tiana Ferrer, 2016; Santolaria Sierra, 1997). Un contexto social que, por aquel entón, se caracterizaba polo empoderamento da burguesía e que provocou unha reacción cívica por parte das clases populares, promovendo a creación de sistemas escolares, sanitarios e sociais propios (Tiana Ferrer, 2003). Neste tempo, diferentes federacións obreiras locais pertencentes á Asociación Internacional de Trabaxadores (AIT), financian escolas laicas ou neutras baixo a influencia dos postulados teóricos de Godwin, Owen, Fourier, Proudhon, Stirner, Bakunin, Kropotkin, Reclus ou Malato (Costa Rico, 1989; Tiana Ferrer et al., 2014); pois considerábase que a instrución primaria –pero tamén a adulta– convertíase nun instrumento esencial para a transformación social emancipadora do proletariado (Costa Rico, 2021).

Unha asistencia social que –no caso de España– comeza a súa andaina no século XIX, organizándose dende as individualidades burguesas ou a institución eclesiástica, e que se dirixía exclusivamente aos sectores sociais máis pobres (viúvas, orfos e orfas, persoas maiores e discapacitadas), sen contemplar outras necesidades crecentes coma a inseguridade ou a miseria do proletariado. Pasado o ecuador dese século, as cidades comezan a crecer masivamente e as institucións públicas integran as primeiras funcións públicas de asistencia social como a medicalización e a hixiene da infancia.

Na historia de España foron tres os axentes comprometidos coa educación obreira que interpretaron o proletariado coma unha forma máis de pobreza tradicional: a burguesía reformista, as asociacións católicas e o movemento obreiro; converténdose en responsables

da mellora do analfabetismo adulto dende o último terzo do século XIX, mesmo en tempos onde primaba a inestabilidade da escolarización por mor do abandono institucional (Tiana Ferrer, 1989). Con todo, as organizacións obreiras configuraríanse coma o principal axente educador, tratando de subsanar un proxecto educativo singularizado polas carencias escolares e motivando unha renovación social fóra da oficialidade, pois consideraban a práctica educativa como “domesticadora, clerical, autoritaria, perpetuadora del régimen dominante y marginadora de las clases trabajadoras y, además, porque contribuía a su desescolarización y analfabetismo” (González Pérez, 2013, p. 217).

A fin de socializar o coñecemento, a lectura converteuse nunha das principais preocupacións dos axentes educadores; polo que, no ano 1869, o Ministro de Fomento Ruiz Zorrilla oficializa a creación de bibliotecas nos centros de ensino primario de España e de bibliotecas populares nas sedes das principais organizacións obreiras (Tiana Ferrer, 1989). Con este tipo de iniciativas pretendíase educar á clase obreira, para construír unha nova cidadanía que dese lugar a unha nova sociedade (Tiana Ferrer, 2003); sendo preciso promover a participación destes colectivos no sistema político democrático, empregando a educación como estratexia mediadora para a superación dos conflitos sociais a fin de promover a integración social. Uns principios de educación popular que –segundo Guereña e Tiana Ferrer (2016)– establece os seus límites no destinatario común e as clases populares, independentemente da clase social dos seus patrocinadores; de aí a súa diversidade conceptual e metodolóxica. Así, as clases sociais máis altas promovían unha educación de carácter –fundamentalmente– regrado, mentres que as clases populares autoxestionaban o coñecemento (con matices claramente socioeducativos) en diferentes espazos para a sociabilidade como ateneos, bibliotecas e universidades populares (Tiana Ferrer et al., 2014). A proliferación de iniciativas públicas, privadas e comunitarias configurou unha das etapas históricas máis frutíferas no eido educativo; pois entendíase que a cultura –e a conquista desta por parte das clases desherdadas da sociedade– resultaba imprescindible para a construción dunha nova sociedade máis xusta e igualitaria (González Pérez, 2013). Un desafío que, con afán moralizador, debería de chegar tanto aos sectores católicos máis conservadores coma aos obreiros; sendo para estes últimos un instrumento revolucionario que servía para combater a ignorancia e estimular a participación social e cultural (Guereña e Tiana Ferrer, 2001).

Os espazos de sociabilidade popular configuraban un verdadeiro proxecto cultural, artellado na convivencia e a educación, pois (re)creaba novos modelos de socialización nos que a creación e o consumo sociocultural tiñan un papel central (Guereña e Tiana Ferrer, 2001). Polo xeral, as sedes obreiras adoitaban ser de propiedade privada no caso das católicas, e as organizacións laicas –cun carácter máis colectivo– acollían actividades formativas complementarias ao sistema regrado, tecendo unha verdadeira rede educativa de

clase (Ruiz Berrio, 1999). No caso concreto das Casas do Pobo socialistas, detéctanse influencias do modelo belga; sobre todo no referido á complementariedade das actividades e á evasión dunha configuración alternativa do sistema educativo, como si farían as correntes libertarias na formación de militancia responsable (Guereña e Tiana Ferrer, 2016).

A principios do século XX as correntes filosóficas alemás centradas na Pedagogía Social introducíronse no territorio español gracias ás traducións de Manuel García Morente, María de Maeztu e Ortega y Gasset, entre outras (Ortega Esteban et al., 2023). O contacto co europeísmo trouxo avances sociais como a Lei de Protección á Infancia (1904), ademais doutras medidas como a constitución dos Tribunais de Menores, a creación de casas de corrección, escolas de reforma, reformatorios, etc. (Santolaria Sierra, 1997). Con estes trazos, a comezos do século XX o Estado comeza a desenvolver funcións de carácter intervencionista en materia de protección da infancia, desenvolvendo experiencias paraescolares (físico-sanitarias, económico-sociais, pedagóxicas e medioambientais), promovendo a alfabetización e a extensión cultural (Tiana Ferrer et al., 2014). Malia manter esta deriva, as políticas educativas seguían a ser a expresión cultural dun bloque político hexemónico (Costa Rico, 1989) e a demanda popular encamiñábase cara a unha mellora – tanto cuantitativa coma cualitativa– da educación.

Porén, a concepción dunha educación tradicional e inmovilista alongará o seu percorrido ata a chegada da Segunda República; unha etapa histórica na que se intentou resolver un dos problemas máis graves a nivel estatal: o analfabetismo, un trazo que caracterizou á España contemporánea e que se vía agravado pola falta de escolas e polo traballo infantil (Guereña e Tiana Ferrer, 2001). Dúas circunstancias –a prohibición do traballo de menores de dez anos en 1900 e a construción de escolas a principios do século– que proxectaría luz sobre a cantidade de persoas adultas analfabetas ata o momento (Tiana Ferrer et al., 2014). En resposta a esta problemática social, xorde toda unha rede de manifestacións de educación popular que promoveu –mediante diferentes estratexias e prácticas socioeducativas– a alfabetización das persoas, dando lugar ás universidades populares e ás organizacións obreiras, prolongando a extensión universitaria ás escolas de artes e oficios. Un conxunto de manifestacións que foron froito de máis de medio século de experiencias paralelas ao desenvolvemento dos sistemas escolares a fin de achegar a cultura escrita ás clases populares. Un exemplo disto foi a Sociedad Fomento de las Artes (1847) en Madrid ou a Sociedad Filantrópica Artística (1864) en Valladolid (Tiana Ferrer et al., 2014), *alma mater* de militantes obreiros como Fernando Mora ou Anselmo Lorenzo. Unhas experiencias de educación popular que posibilitaron que o proletariado se achegase á cultura, consolidando novos ámbitos de educación en circuítos alleos á escola (Guereña e Tiana Ferrer, 2001).

Unha lectura retrospectiva evidencia que a educación foi sempre unha problemática social á que necesariamente había que dar resposta. Principalmente a corrente krausista da Institución Libre de Enseñanza (ILE) introduciu ideas rexeneradoras que permitiron modernizar e europeizar o sistema escolar (Costa Rico, 2004); converténdose no motor e sentinela da vangarda pedagóxica española, ao impulsar movementos coma os da Escola Nova (Costa Rico, 1989). Neste escenario de influencia institucionista, o Ministerio de Fomento creou a Junta de Ampliación de Estudios (JAE) en 1907 co fin de ampliar a formación do profesorado e técnicos de inspección educativa no estranxeiro cunha óptica innovadora, de extensión da súa cultura xeral e científica, chegando a subvencionar a case catro mil profesionais de diversos ámbitos, entre eles, os ligados ao sistema escolar (Costa Rico, 1996). O krauso-institucionismo, encarnado nas figuras de Francisco Giner de los Ríos e Manuel Bartolomé Cossío, caracterizouse –entre outras ideas de influencia alemá e belga principalmente– pola defensa humanista da educación integral, o xogo corporal libre, a coeducación e a relación coa natureza (Marín Eced, 1991).

Coa chegada da Segunda República impulsáronse as principais reformas educativas lideradas por Marcelino Domingo e, posteriormente, por Fernando de los Ríos; quen sostivo que a transformación educativa debería de basearse na escola gratuíta, obrigatoria, descentralizada, unificada, laica e renovada (Prada Rodríguez, 2009). Así, e pese á diversidade ideolóxica, todo o profesorado estaba obrigado a ensinar a Constitución republicana co obxectivo de crear unha cidadanía consciente e participativa cimentada na soberanía nacional para a construción dunha nación cívica (Pozo Andrés, 2008). Malia todos estes cambios en prol dunha maior e mellor educación, moitos sectores amosábanse críticos co sistema económico e as estruturas sociais, pois argumentaban que este modelo educativo defendía unha liña “autoritaria, domesticadora, servidora de los intereses capitalistas” (Tiana Ferrer, 1987, p. 94).

Centrándonos no caso concreto de Galicia, cómpre dicir que a súa realidade educativa tivo trazos característicos que repercutiron na extensión da alfabetización. A feble valoración social da educación escolar en ambientes populares (fundamentalmente galego-falantes), sumada á precariedade familiar e ao distanciamento entre o programa escolar, a cultura e a lingua propia do territorio derivaron en baixos índices de matrícula e altas taxas de absentismo (Costa Rico, 2004). Así, no ano 1900 o analfabetismo galego ascendía á cifra do 68,88%, alcanzando a case a metade dos homes e a un 83,66% das mulleres maiores de dez anos; unhas porcentaxes que descenderían notablemente tres décadas máis tarde, pois unicamente afectaba a unha cuarta parte dos homes e a metade das mulleres (Costa Rico, 2004). A construción de escolas e a habilitación de mestres e mestras, principalmente durante o bienio progresista da Segunda República, convertéronse en variables esenciais para lograr este cambio. Galicia tiña unha particular capacidade alfabetizadora, xa que a dispersión

xeográfica e o seu carácter marcadamente rural configuraron un modelo propio de escolarización e que constituíu unha influínte rede de pequenas escolas privadas, sobre todo na provincia de Lugo, denominadas as escolas de ferrado (Gabriel et al. 1997).

A innovación pedagóxica tampouco quedou atrás e a través dos migrantes de retorno de América e da ILE chega ao noroeste peninsular. Destacados persoeiros como Emilia Pardo Bazán ou Concepción Arenal colaboraron cos seus escritos no *Boletín* da ILE (Prada Rodríguez, 2009), mentres que Xoán Vicente Viqueira estivo ligado estreitamente co institucionismo, a pedagogía experimental e a defensa do galego nas aulas (Costa Rico, 1996). Tamén a pedagoga María Barbeito introduciu métodos innovadores en Galicia, como os de Montessori cando en España só se tiñan experimentados por María de Maeztu, ou métodos Decroly nas escolas Da Guarda (Costa Rico, 1989). Con todo, esta non foi a tónica habitual, pois a introdución de novas correntes pedagóxicas dende Europa e Norteamérica tivo unha lenta integración nos sistemas de ensino público, mentres que noutras institucións educativas como as dependentes de sociedades obreiras ou as escolas de indianos foron introducíndose innovacións de carácter experimental, mais tamén como rexeitamento ás metodoloxías tradicionais. Na lista de escolas laicas galegas elaborada por Costa Rico (1989; 2021) atópanse exemplos que representan estes posicionamentos: a Sociedad de Librepensadores Miguel Servet (1889), a Escuela Laica La Antorcha (1897) e o Centro Laico Froebel (1909) de A Coruña; a Escuela Froebel (1880) e La Escuela Moderna (1899) en Pontevedra; a Escola Laica da Sociedad protectora Martín Lutero (1888) de Ferrol ou a Agrupación Librepensadora ourensá (1909). Tamén o movemento de Escola Nova fíxose notar na pedagogía galega, motivando iniciativas escolares que se materializaron na apertura á comunidade e a integración de fondos de coñecemento nas escolas (agricultura, gandería, pesca...), así como no desenvolvemento de accións educativas fóra das escolas: colonias, paseos excursionistas, coros e bandas de música (Costa Rico, 1989).

Así, e pese a que dende a historiografía se teñan censados e estudados os espazos de sociabilidade obreiros galegos, existe unha lagoa de coñecemento relativa ás correntes pedagóxicas, prácticas e accións socioeducativas desenvolvidas así como ao impacto xerado nas persoas e nos territorios. Con todo, cómpre mencionar o Centro de Estudos Sociais Germinal, fundado en 1902 en A Coruña, e cuxas actividades máis destacadas e estudadas foron as representacións teatrais desenvolvidas polos propios grupos escénicos de obreiros (Costa Rico, 2021).

### **1.3. Diálogo socio-educativo en clave histórica**

A sociedade e a educación manteñen unha estreita e permanente relación que as (re)constrúe mutuamente. Dende a creación da AIT en 1864, tanto os sectores socialistas como os libertarios, tiveron un crecente interese pola educación segundo a súa propia

ideoloxía (Tiana Ferrer, 2003). É común que os movementos sociais adoiten fomentar proxectos educativos específicos para a difusión do seu ideario, para o cal crean escolas propias, malia que unha experiencia así é –de por si– educadora pola toma de conciencia social e política (De Gabriel, 2018). No marco dun movemento crítico co sistema hexemónico no que se defende que “si la escuela, el sistema educativo, es un aparato ideológico del Estado es porque existe una enseñanza de un modelo sociopolítico determinado. Es porque se reproducen, en el tránsito del sistema, unas relaciones que definen un tipo de sociedad” (Perera Méndez e González Novoa, 2020, p. 348). As carencias en materia de instrución das clases populares tensou as relacións do movemento obreiro co sistema educativo regrado (Terrón e Viñao, 2019) e axudou a concienciar sobre a natureza política da educación, xa que parte da premisa de que a vida humana está máis condicionada que determinada (Perera Méndez e González Novoa, 2020).

A grandes trazos, o socialismo utópico europeo da primeira metade do século XIX – que uniu os ideais da Ilustración coa realidade da nova Revolución Industrial– deu pé a experiencias socioeducativas como a New Lanark de Robert Owen (Tiana Ferrer, 2003). Transcorrido un tempo no que se afianzaron os ideais, o socialismo utópico evoluciona cara ao anarquismo, mantendo o liberdade e apoio mutuo como principios básicos. Cara o último terzo do século comeza a falarse dunha educación integral, superadora da xerarquización e división do traballo (Tiana Ferrer, 2010). Doutra banda, o marxismo –en tanto que herdeiro do socialismo científico– tratou de conxugar no eido educativo a importancia do traballo produtivo para a realización humana coa formación, denominando a este tipo de educación como omnilateralidade (Tiana Ferrer, 2003). Tanto o argumentario da fundamentación científica da práctica educativa como a apertura social a postulados da Escola Nova trouxeron a asunción dunha renovación pedagóxica da man de referentes europeos coma Rousseau, Froebel, Decroly ou Pestalozzi, entre outros (Lázaro Lorente, 1995). As diferentes correntes renovadoras centrábanse na hixiene, a formación do profesorado e a apertura á realidade dende as aulas (Lázaro Lorente, 1995); ademais de conxugar ideais que –ata agora– resultaban alleos á pedagogía do movemento obreiro: o empoderamento como elemento potencialmente transformador, o valor da comunidade e a vida entendida como interacción (Perera Méndez e González Novoa, 2020).

Xa na segunda metade do século XIX comeza a cristalizar en España o proceso de toma de conciencia da clase obreira, evidenciando o carácter protagónico que a educación tivo na estratexia política e sindical (González Pérez, 2013). A principios do século XX, Anselmo Lorenzo<sup>4</sup> publica *El proletariado militante*; un libro que explica a necesidade de

---

<sup>4</sup> Anselmo Lorenzo foi un destacado anarquista español que defendeu a educación racionalista, promovendo un ensino libre de dogmas relixiosos e políticos. Cría na formación integral baseada na ciencia e na razón, fomentando a autonomía e o pensamento crítico no estudantado (Tiana Ferrer, 1987).

impulsar un movemento obreiro que estableza marxes sociopolíticas, creando espazos de liberdade cultural e ideolóxica mediante a constitución de ateneos e prensa que atenderan á instrución popular (Gabriel, 2018). En definitiva, unha obra que recolle o proxecto político, social, educativo e revolucionario do anarquismo español (Tiana Ferrer, 2010).

Diferentes revistas racionalistas deste tempo denuncian a falta de preocupación pola educación e a denominación Normal –ou natural– para referirse á educación tradicional (Lázaro Lorente, 1995). O movemento obreiro, en toda a súa heteroxeneidade, presenta modelos alternativos ao modelo escolar vixente que evidencian as insuficiencias da escola pública. Foi a Federación Rexional Española a primeira que artellou unha proposta pedagóxica especificamente obreira baseada na instrución popular, configurando un programa educativo do internacionalismo español (Tiana Ferrer, 2010). Neste eido pedagóxico, este mesmo autor (2003) recoñece unha “mayor originalidad y protagonismo de los libertarios en este campo” (p. 29). A partir de 1918, debido á falta dun proxecto pedagóxico propio e coherente co ideario, os socialistas desbotaron esta idea e centraron os seus esforzos cara a transformación do sistema educativo estatal (Tiana Ferrer, 2003). Á súa vez, as crecentes correntes comunistas tamén optaron pola intervención estatal e vertical na educación (Caride Gómez, 2005).

Do lado ácrata atópase –nas actas de congresos dende o nacemento da FTRE (1881)– a recomendación da apertura de escolas laicas para a emancipación do proletariado. Porén, a falta de desenvolvemento das teses bakunistas en España derivou na dependencia de modelos foráneos (Tiana Ferrer, 2010); unha cuestión que tamén foi abordada no congreso inaugural da CNT (1910). Así mesmo, no seu último congreso antes da guerra (en Zaragoza no 1936), aprobouse o concepto confederal de comunismo libertario no que se fai explícita –entre outras cuestións, e seguindo os preceptos racionalistas de Ferrer i Guardia– a mención do ensino libre, científico e igualitario (Tiana Ferrer et al., 2014). Tamén se alude á concepción da educación como unha estratexia revolucionaria e de amplas miras, capaz de alumear asociacións como as Juventudes Libertarias e Mujeres Libres (Garitaonandia Garnacho e Tuñón de Lara, 1996). Con todo, nos seguintes apartados explicarase de forma pormenorizada a evolución destas teses pedagóxicas e sociais libertarias.

Doutra banda, o socialismo pretendía un modelo de educación laica e integral de carácter institucionalista, público e centralizado. Porén, vista a complexidade de introducir os seus ideais nas aulas, optaron pola creación de centros obreiros e un modelo de extensión universitaria (Tiana Ferrer et al. 2014). O socialismo español non tivo un modelo pedagóxico propio ao carecer dunha rede de escolas autónomas debido á incompatibilidade cos seus ideais estatistas, polo que dependen do republicanismo e do movemento libertario (Míguez Macho, 2008a). Desde este punto de vista, a súa estratexia educativa centrouse na creación de espazos de sociabilidade e cultura: as denominadas Casas do Pobo; mais tamén a

creación de cantinas escolares e as escolas nocturnas elementais e técnico-profesionais para as persoas adultas (Terrón e Viñao, 2019). Avanzado o século XX, a partires da Revolución de Outubro en 1917, o marxismo-leninismo debuxa uns principios básicos da escola socialista, entre os que destaca a educación politécnica, pois o traballo é considerado un instrumento de emancipación humana (Gabriel, 2018). Chegada a Segunda República, o seu ideal de escola centralizada, laica e científica, aliñouse coa que se reflectía na lexislación republicana grazas á implicación e influencia de persoeiros como Lorenzo Luzuriaga (Seco Serrano, 1986).

Independentemente das ideoloxías, é preciso falar dunha cultura ou contracultura obreira nacida nos ateneos e nas sociedades culturais, e que promoveu o desenvolvemento humano do proletariado, desposuído coa Revolución Industrial da súa humanidade (Pereira, 1992). Esta cultura, construída na cooperación de obreiros, republicanos, masóns e librepensadores, non só aporta unha formación ideolóxica, senón que custodia e fomenta a conciencia de clase necesaria para incitar as mobilizacións (Freán Hernández, 2013). O ritualismo obreiro constituíu un dos elementos principais que axudou a construír a clase e a súa conciencia. Os primeiros de maio, os funerais dos represaliados e a mobilización de recursos humanos e simbólicos como ferramenta de autodefensa foron algunhas das pautas xeradoras dunha cultura comunitaria (Míguez Macho, 2008a). Tamén a cantidade de publicacións alternativas que achegaban o coñecemento ao proletariado, e que exemplifican os esforzos do movemento obreiro pola formación (González Pérez, 2013). O recoñecemento da necesidade de instrución foi un dos medios máis eficaces para acelerar a chegada da Revolución Social, polo que o movemento obreiro loitou por melloras sociais que se materializaron na xornada laboral de oito horas, e que posibilitaría unha maior dispoñibilidade para a formación militante (Brey, 1982; Lázaro Lorente, 2024).

A evolución deste movemento non se deu unicamente no territorio oriental da península. Así, na Galicia de finais do século XIX e principios do XX, afloran numerosas sociedades librepensadoras e mesmo escolas laicas con influencia de mestres e mestrás que chegan tanto de fóra do país –Constancio Romeo Lasarte, Luisa Elizalde ou Francisco Iturralde–, coma algúns autóctonos –Juan José Cebrián ou Joaquín Patricio Patiño– (Erias Martínez, 2005). Unhas influencias que se traducen en novas temáticas na educación obreira como a educación sexual ou a hixiene; unhas innovacións educativas que aconteceron tanto na Galicia urbana coma no rural grazas á masonería e ás escolas de indianos (Gabriel, 2018). Neste proceso a ILE tamén tivo unha grande pegada, pois ao longo do tempo foron desenvolvéndose as experiencias que deron pé a aprendizaxes da práctica educativa, como por exemplo o Centro Democrático de A Coruña (1882), a escola laica da Asociación benéfica Miguel Servet (1889), ou a escola laica de La Antorcha Galaica del Librepensamiento (1897) (Costa Rico, 1989).

O movemento obreiro foi unha peza chave no proceso de laicización da educación e das condutas sociais a través do esforzo de divulgación que se fixo coa creación de bibliotecas obreiras e populares. En Galicia destacaron principalmente as bibliotecas de El Corsario, do Centro de Estudios Sociales Germinal e a do Centro Obrero de Cultura de Ferrol, que tivo a función de biblioteca municipal dende 1917 ata 1936 (Erias Martínez, 2005). Tamén a creación de espazos de socialización propiamente para obreiros axudou á dispersión das ideas proletarias; salientando o Centro de Estudios Sociales Floreal (Ferrol, 1907-1909), o Centro Obrero de Cultura (Ferrol, 1911-1936), o Ateneo Obrero Sindicalista (Vigo, 1920-1936) ou o Centro de Estudios Sociales Germinal (A Coruña, 1902-1936). Este último destaca pola súa orixe, ao consideralo coma o resultado da institucionalización dunha sociedade de declamación e composición dramática obreira (Brey, 2001). Neste caso, o teatro foi unha das ferramentas que o proletariado empregou para educar na conciencia de clase, tratando tanto de deleitar como de concientizar ao público alternando entre o educativo, o dramático e o cómico (Brey, 2001).

Ademais do teatro, un dos mecanismos máis utilizados polo movemento obreiro nas dinámicas e formación cultural foi a palabra escrita. Así, en resposta á alta taxa de analfabetismo nos grupos diana deste movemento obreiro, xurdiron as lecturas colectivas, consistentes na recitación oral dalgunha publicación escrita para achegar os coñecementos e ideas ás clases populares (Freán Hernández, 2013). A lectura converteuse, porén, nun vehículo formativo de construción cidadá e revolucionaria; motivo polo cal as bibliotecas populares abriron as súas portas nestes anos (Guereña e Tiana Ferrer, 2001). Estes encontros foron descritos por Ramiro de Maeztu nos seguintes termos:

“El firmante del presente artículo ha presenciado la lectura de *La conquista del pan* en una casa obrera. En un cuarto que alumbraba únicamente una vela, se reunían todas las noches del invierno hasta catorce obreros. Leían unos a otros, trabajosamente escuchando; cuando el lector hacía el punto, sólo el chisporroteo de la vela interrumpía el silencio. También he presenciado la lectura de la Biblia en una casa puritana; la sensación ha sido idéntica en uno y otro caso” (Maeztu, 1901, como citou Freán Hernández, 2001, p. 32)

Os grupos de lectura fixéronse cada vez máis habituais nos centros de traballo, nos espazos de descanso e nas tabernas. Uns espazos que permitían a escoita dos textos, máis tamén o posterior comentario e debate (Guereña e Tiana Ferrer, 2001). Un interese que tamén se reflectía na edición das publicacións, nas que os traballadores e traballadoras se convertían en protagonistas das novelas e dos ensaios (Freán Hernández, 2013). Unhas editoriais obreiras que non buscaban beneficios, senón a divulgación do coñecemento e das ideas, polo que os libros pasaban de man en man, nutrindo as bibliotecas populares de autores tan relevantes coma Ricardo Mella, Pablo Iglesias, Gaston Leval, Matías Usero

Torrente, Xaime Quintanilla, José Sanjurjo, Clarín Sendón, Francisco Suarez ou José Suárez Duque (Freán Hernández, 2013).

### 1.3.1. Os principios anarquistas na educación

Os ideais libertarios, sumados á esperanza depositada na educación, construíron un modelo pedagóxico propio fundamentado na AIT, e que concibía a instrución como unha ferramenta esencial para acabar coas inxustizas da clase obreira. A temática educativa tivo espazos específicos en congresos tan emblemáticos coma o de Xenebra (1866), o de Lausana (1867) e o que tivo lugar en Bruxelas en 1868 (Tiana Ferrer, 2010). Sería no congreso de Lausana cando se publica por primeira vez –da man de Paul Robin e James Guillaume– o termo de *ensino integral*, tan característico da educación obreira (Tiana Ferrer, 2010). No congreso de Bruxelas seguiu a mesma liña, e Bakunin realizou unha defensa da loita integral, que combinaba as folgas sindicais coa educación obreira á marxe das institucións burguesas. Porén, a AIT considerou prioritario reducir a xornada; unha condición *sine qua non* para acadar un tempo para a formación (Sánchez Parra, 2018). Neste senso, sempre houbo espazo para dúas correntes respecto á educación: dunha banda, a que defendía a educación integral como parte do proceso revolucionario; e doutra, a que cría na imposibilidade de educar ao proletariado sen acabar antes coas condicións sociais que o oprimen (Sánchez Parra, 2018).

O caso español tivo a súa propia idiosincrasia debido a unha preocupación moi temperá pola cultura e a educación popular (Lázaro Lorente, 2024). Así, a capacidade do anarquismo para aproveitar as tradicións sociopolíticas dun territorio e potenciar dende elas a construción dunha contracultura propia tivo moito peso no desenvolvemento deste modelo educativo (Raffaelli, 2013). Concibindo a educación como un elemento indisoluble da sociedade, o anarquismo precisaba dunha nova sociedade para ter unha nova educación, e viceversa (Tiana Ferrer, 1987). Establecendo relación entre miseria e ignorancia, tiñan presente a necesidade de desvincularse do Estado e poñer a educación ao servizo da transformación revolucionaria da sociedade (Lázaro Lorente, 1995).

Dende esta perspectiva, a liberación intelectual era inherente á revolución social, polo que as escolas, as bibliotecas e os ateneos desempeñaron un papel central na formación militante xunto coa rede de publicacións (Freán Hernández, 2001). Neste senso, houbo un grande desenvolvemento da literatura de anticipación cara á revolución, mantendo a educación como medio transformador e emancipador do pobo (Tiana Ferrer, 1987). Tanta importancia tiña a educación que o anarquismo destacou por un interese permanente por construír unha filosofía da educación libertaria que integrara o desenvolvemento da imaxinación, do xuízo e da memoria; unha educación que acabara coa división do traballo e que estimulara a liberdade individual e a solidariedade colectiva (González Pérez, 2013). Do

mesmo xeito, a pedagogía ácrata foi pioneira na distinción entre instrución –adquisición de coñecementos e habilidades– e educación –desenvolvemento humano integral– (Sánchez Parra, 2018). Como o potencial transformador do Estado estaba descartado, a creación dunha rede socioeducativa paralela non tardou en chegar; comprendendo que ao igual que os libros, tamén deberían utilizarse “los periódicos y folletos internacionalistas” (Lázaro Lorente: 2024, p. 25), e como educadores, calquera compañeiro que soubera algo máis para ensinar aos seus iguais (Lázaro Lorente, 2024). Un dos principais elementos que cultivaría a pedagogía libertaria sería o coidado da diferenza, sempre que non xerese predominio ou xerarquías, e que rescatase o valioso de cada persoa (Tiana Ferrer, 1987).

Hase de comprender que a utopía anarquista non é un guiión fixo nin rematado e ten un carácter amplamente dinámico en prol do desenvolvemento humano (Lázaro Lorente, 2024). A consolidación da cultura libertaria ten moito que ver coa construción comunitaria desta utopía, co establecemento de novas estéticas ou grupos emancipadores coma as Juventudes Libertarias ou Mujeres Libres, cun amplo percorrido na loita contra a ignorancia e a tarefa revolucionaria (Tiana Ferrer, 1987). No eido da liberación feminina enténdese que a muller está sometida a unha tripla escravitude –de xénero, de clase e intelectual– e que debe subtraerse desta inferioridade a partir da alfabetización como arma revolucionaria (González Pérez, 2013). Así, tamén se constrúe un concepto de educación que desborda as escolas, ás crianzas e mesmo aos ateneos, creando unha rede socioeducativa que abranguía a totalidade dos espazos de socialización (Tiana Ferrer, 1987).

O Consello Federal da Rexión Española publica en 1869 un manifesto reclamando –por primeira vez– o ensino integral para ambos sexos, que rematase cos efectos destrutores da división do traballo (González Pérez, 2013). A hexemonía do bakunismo nos tempos da Primeira Internacional trouxo, en 1872, ao Congreso de Córdoba a desconformidade coas resolucións do Congreso de A Haia (Lázaro Lorente, 2024). Neste mesmo ano, no Segundo Congreso da Internacional en Zaragoza, Trinidad Soriano<sup>5</sup> expón o plan de ensino integral como proposta pedagóxica anarquista tanto nas escolas como nos foros ateneísticos ligados ás federacións locais que estivesen ao servizo da acción revolucionaria (Costa Rico, 1989; Sánchez Parra, 2018). Tiana Ferrer (1987) describe esta proposta como unha instrución que desenvolve na persoa todas as súas facultades e que lle permite comprender todos os fenómenos da natureza. Ademais, neste discurso Soriano describe este ensino en tres fases, acordes ao proceso evolutivo das crianzas: educación artística, científica e industrial ou técnico-profesional (Lázaro Lorente, 2024). A filosofía de orixe desta pedagogía partía das teses de Fourier, Proudhon, Robin e Guillaume, e partindo do positivismo científico, tiveron

---

<sup>5</sup> Trinidad Soriano foi un destacado educador anarquista na CNT, impulsou escolas racionalistas, promoveu a educación integral sen dogmas e participou activamente en campañas de alfabetización e formación obreira (Lázaro Lorente, 2024).

tres atractivos para o movemento obreiro peninsular: o remate da división do traballo, a instrución politécnica adaptada ás necesidades e a posibilidade de unión na loita ideolóxica contra a burguesía (Tiana Ferrer, 2010). Outras características destacables deste modelo foron as metodoloxías activas e antiautoritarias, así como a integración da educación na contorna, o estímulo e respecto da actividade infantil ou a coeducación (Tiana Ferrer, 1987). Tamén destacaba a falta de premios e castigos, substituídos pola responsabilidade, o autoconñecemento e a honestidade, ademais da importancia dada ás artes e á educación artística para apreciar e crear (Costa Rico, 2021). A partir desta aprobación da proposta de Trinidad Soriano, as federacións locais de todas as cidades comezaron a sementar espazos culturais e educativos, nomeadamente as escolas internacionalistas que tiveron unha impronta decisiva nas primeiras décadas do século XX (Tiana Ferrer, 2010).

Coa autodisolución da FRE e a constitución da FTRE en 1881 acordouse o mantemento das escolas internacionalistas, aínda que experimentaron lixeiras variacións (Tiana Ferrer, 2010). En 1882 comeza un cambio denominativo –que non cualitativo– e comezan a chamarse *laicas*, en lugar de *integrais* (Lázaro Lorente, 2024). Este concepto agrupaba o pensamento libertario da época, centrado no rexeitamento á relixión tradicional, pero tamén aos novos deuses que foron necendo co desenvolvemento do Estado moderno (patria, exército, orde, leis...) (Tiana Ferrer, 1987). Finalmente esta nova terminoloxía consolidárase no Congreso de Montellano en 1884 (Lázaro Lorente, 2024).

Poucos anos máis tarde, baixo a influencia de Kropotkin, chegaría unha nova cualificación para a educación libertaria. Este pensador ruso é coñecido pola defensa do apoio mutuo como factor da evolución, mais nos seus textos tamén mantén unha postura crítica coa educación autoritaria por condicionar a natureza cooperativa e sostén a confianza na espontaneidade (Sánchez Parra, 2018). Esta corrente de pensamento daría a luz ao neutralismo educativo, cuxo máximo expoñente na península foi o vigués Ricardo Mella; unha filosofía que –sostida por firmes piares teóricos de Locke, Pestalozzi, Rousseau e Froebel– destacou polo papel secundario do traballo docente, e puxo sobre a mesa un enfoque paidocentrista baseado no xogo, na curiosidade natural, na experimentación e nos métodos teórico-prácticos (Lázaro Lorente, 2024). Do mesmo xeito, tal e como expón o seu propio nome, o neutralismo rexeitou tamén os premios e os castigos como elementos modeladores da conduta das crianzas. As poucas experiencias que foron desenvolvidas tiveron escasos resultados, xa que as dinámicas hexemónicas seguían a reproducirse, polo que tiveron que desenvolver iniciativas de contramanipulación (Sánchez Parra, 2018). A Escola Neutra proposta por Mella non chegaría a materializarse, máis tivo grande influencia na construción do racionalismo (Erias Martínez, 2005).

A efervescencia filosófico-pedagóxica deste tempo fixo que naceran –case á par– o neutralismo e o racionalismo; polo que, sendo hexemónico o segundo, o primeiro tivo moi

pouco desenvolvemento práctico. A principal diferenza foi a neutralidade de Mella fronte ao contacto coa teoría e praxe libertarias, preconizado por Ferrer i Guardia (Erias Martínez, 2005). Polo tanto, aínda sen mudar os nomes das escolas laicas a neutras, o racionalismo irrompeu con forza esta dinámica e introduciu a concepción da educación coma un instrumento ideolóxico e propagandístico ao servizo da loita de clase obreira (Tiana Ferrer, 2010).

Se no caso anterior as teses que cimentaban a teoría eran as kropotkinianas, neste caso Ferrer retoma aos clásicos como Bakunin, críticos co naturalismo de Rousseau e defensores da necesidade de crear unha sociedade benfeitora ou malfeitora dende o propio movemento obreiro (Sánchez Parra, 2018). O racionalismo, en palabras de Costa Rico sería un “ensino racional (científico e laico), integral (para o desenvolvemento harmónico do individuo en tódolos terreos), igualitario, coeducativo, revolucionario, antiautoritario; un ensino obrigatorio e gratuíto, antiestatal, formador de homes e mulleres con mentalidade cooperativa e anticompetitiva” (1989, p. 46). Tendo por base o positivismo científico que trata de superar os dogmatismos, é unha pedagogía que motiva o respecto á personalidade das crianzas e a utilizar o xogo como ferramenta educadora e cooperativa (antiautoritaria). A característica máis destacable desta pedagogía foi o compromiso coa transformación radical da sociedade en aras de superar as desigualdades (Lázaro Lorente, 1995). O máximo expoñente desta pedagogía foi a Escuela Moderna de Ferrer i Guardia, aberta en 1901 e pechada por motivo da Semana Tráxica en 1909, cando a campaña de difamación estatal e patronal contra o neutralismo, o laicismo e o racionalismo tivo tanto éxito como para acabar coa vida do seu fundador (Tiana Ferrer et al., 2014). Unha proposta educativa que tivo o respaldo da CNT dende a súa consolidación en 1910, ao confiar na aportación formativa e cultural do proletariado para enfrontarse coa burguesía (Tiana Ferrer, 1987). Diría Tiana Ferrer que “la escuela, así concebida, es un arma revolucionaria por ser la precursora de una nueva vida y llevar en sí el germen de la libertad. Los seres en ella formados serán los artífices del nuevo mundo” (1987, p. 109).

Estas dúas correntes coetáneas, aínda tendo os mesmos fins, non lograron confluír. Ricardo Mella criticou duramente a Ferrer na súa excesiva confianza na razón humana, así como na defensa da neutralidade ideolóxica pero non axiolóxica, formando en valores de compromiso social que, organicamente, derivarán nunha escolla libre das crianzas cara ao anarquismo (Tiana Ferrer, 1987). Nestes termos, Mella tildou de doutrinario e dogmático o racionalismo, valores contra os que o anarquismo loitaba e non podía reproducir (Lázaro Lorente, 2024).

### 1.3.2. O papel da prensa obreira

Cando se estuda o movemento obreiro, cómpre deterse nas súas estratexias de difusión e resistencia. A edición de prensa e as publicacións escritas foron ferramentas moi populares para que as obreiras e obreiros puideran achegarse a novas críticas respecto da súa realidade, a ensaios curtos e comprensibles para o seu coñecemento así como sobre as súas ideoloxías. Enténdese por prensa obreira aquela cuxo destinatario principal foi o proletariado e que integraba unha perspectiva de cambio radical dos sistemas socio-políticos e económicos (Pereira e González, 1982). Por isto tamén, se deslindará esta prensa obreira daquela que –aínda que reformista– pretende manter o *status quo* (Pereira e González, 1982). O legado editorial que perdurou ata a actualidade é a constatación do dinamismo obreiro arredor deste vehículo cultural e ideolóxico (Brey, 2005). Entre as funcións atribuídas destaca a difusión dos principios políticos das organizacións obreiras, mais sobre todo estimulou a conciencia das traballadoras e tratou de mobilizalas na defensa dos seus intereses (Freán Hernández, 2013). Pero ademais desta función propagandística, tamén cumpriu co cometido informativo, didáctico e divulgativo que axudaron á conformación dun verdadeiro medio de comunicación *de, por e para* o proletariado (Barral Martínez, 2012).

Con todo, tendo xa analizados os índices de alfabetización obreira a finais do século XIX, cómpre cuestionarse como era posible difundir estas publicacións con tan poucas persoas capaces de lelas?. Tiana Ferrer (1989) explica a estruturación de novos métodos de lectura que permitiran achegar os coñecementos a todas as persoas, independentemente do seu nivel formativo. É por isto que as veladas populares foron o espazo primordial no que se deron a coñecer as teses obreiristas traídas primeiro dende Europa, e despois cada vez de máis preto. Nestes encontros procedíase á lectura pública e colectiva dos textos en quendas rotatorias entre quen sabía ler, para logo explicar e comentar o contido destas páxinas, deixando espazo para o diálogo e o debate (Tiana Ferrer, 1989).

Malia as dificultades na regularidade da edición de prensa –ben pola censura, ben pola falta de recursos económicos–, Freán Fernández (2013) cuantifica en 119 as cabeceiras galegas entre 1866 e 1936. Deste grande catálogo, un 73% considéranse prensa obreira, pertencendo un 39% á sección socialista, un 34% á libertaria, o 10% aos republicanos, o 6% ligado ao sindicalismo católico e o 4% cunha ideoloxía comunista (Freán Hernández, 2013). A nivel estatal destacan *Tierra y Libertad*, *La Revista Blanca* e *El Socialista*; e na rexión galega *El Corsario*, *El Obrero* e *Solidaridad* de Vigo (Barral Martínez, 2012); pero a dimensión –e extensión– da historia da prensa obreira en Galicia precisa dun tratamento contextualizado.

Aínda que os primeiros números obreiros vén a luz a mediados do século XIX, como é o caso do cooperativista *El Obrero Galaico* (1866), é durante a Restauración Borbónica cando comezan a medrar e difundirse con rapidez (Freán Hernández, 2013). Para

dimensionar estas afirmacións cómpre mencionar que neste período se publicaron 1.257 títulos en todo o Estado (Brey, 2005); destacando *El Corsario* como un dos principais portavoces do movemento obreiro finisecular en Galicia (Brey, 1982). Fundado en 1890 pola Federación Obrera de A Coruña, publicou 246 números nos seus seis anos de vida. Esta publicación –de orientación anarquista– seguiu os principios anticlericais, internacionalista e de librepensamento, polo que en ocasións se posicionou radicalmente en temas como a guerra colonial de Cuba e Filipinas, considerada fraticida e na que a solución era acabar coa opresión do Estado colono (Brey, 2019). Baixo o seu nome tamén se creou unha biblioteca popular en 1896 onde se prestaban e editaban folletos e libros (Freán Hernández, 2001); pero tamén se desenvolveron outras iniciativas semellantes como a Biblioteca El Sol, a Biblioteca Juventud Libertaria, a Biblioteca La Internacional ou a Biblioteca Aurora (Freán Hernández, 2001). De entre todas, a máis destacable foi a do Centro de Estudios Sociales Germinal que chegou a ser a biblioteca obreira máis importante e unha das máis voluminosas de A Coruña (Brey, 2019). Como se pode observar, o nacemento da prensa e publicacións obreiras galegas tivo o seu campo de cultivo na cidade herculina, onde se fundou a Asociación Tipográfica de la Coruña (1892), que máis tarde sería a Tipografía Obrera Coruñesa (1911), a cargo da Federación Local (Costa Rico, 2021). Esta cidade foi o máis importante centro de edición galega, cun 22% das publicacións; seguida de Vigo co 19%, e Ferrol co 17% (Freán Hernández, 2013). Cómpre dicir que neste tempo as publicacións tiveron máis dificultades para manter a súa regularidade debido á falta de financiamento e aos enfrontamentos coas autoridades (Brey, 2005).

Co inicio do século comezaron a afianzarse algunhas cabeceiras obreiras. Destaca así *Solidaridad* de Vigo (de índole socialista) cunha continuidade envexable entre 1899 e 1936, chegando a ser diaria nos tempos da República (Míguez Macho, 2008a). Nace tamén *Solidaridad Obrera de La Coruña* en 1923, semanario anarquista e voceiro do CRG (Pereira, 1992) que, malia a súa inestabilidade nos seus primeiros anos, chegou a tiradas de case 8.000 exemplares en tempos republicanos (Pereira e González, 1982). Co comezo da ditadura de Primo de Rivera censuráronse moitas destas publicacións e, pese a que seguiron publicando, estiveron máis controladas e limitadas (Pereira, 1994). *Solidaridad Obrera de La Coruña* logrou ser un dos poucos voceiros da CNT neste período, polo que –xunto coa súa irmandada *El Despertar Marítimo*– mantivo algunhas publicacións periódicas entre 1923 e 1930 (Costa Rico, 2021).

Neste período ditatorial, no que a principal cidade editora foi Vigo, a censura motivou a picaresca de periodistas e obreiros, que foron sancionados (Freán Hernández, 2013). Unha das estratexias de protesta nas redaccións foi o silencio nas súas páxinas das cuestións que o goberno tiña interese en difundir (Garitaonandia Garnacho e Tuñón de Lara, 1996). Uns obstáculos que foron solventados grazas ao sustento de redes locais de apoio e afinidade,

que permitiron manter as lecturas e escrituras en grupo. Cómpre sinalar que nos anos vinte do século pasado Galicia duplica o seu número de persoas asalariadas (do 17% en 1920 ao 35% en 1930), polo que a importancia numérica e social do proletariado impuxo novos métodos de instrución, formación e militancia entre os que a prensa tivo un papel privilexiado e destacado (Pereira e González, 1982).

Por último, a proclamación da Segunda República trouxo grandes esperanzas de recuperar a liberdade de prensa nas editoriais obreiras. Porén, as organizacións socialistas foron as grandes beneficiadas pola súa posición no goberno, mentres que as socialistas máis radicais e anarquistas experimentaron serios problemas para o mantemento das súas publicacións (Brey, 2005). De feito, en Galicia, *Solidaridad Obrera de La Coruña* foi a única que mantivo unha regularidade importante, malia ter sido censurada, perseguida trala folga de 1934 e obrigada a cambiar de nome –a *Solidaridad*– en 1935 (Freán Hernández, 2013).

## **2. Fundamentación e desenvolvemento metodolóxico**

O desenvolvemento dunha investigación como a presente comporta o establecemento dun método de traballo rigoroso, que lle outorgue a solidez e fiabilidade necesarias para atender aos presupostos normativos do método científico. Neste senso, e co fin de abranguer a maior cantidade de información posible das diferentes fontes, optouse por unha metodoloxía mixta, enmarcada dentro do modelo de investigación histórico-educativa (Nieto Martín, 1992). Ademais, polas características propias desta investigación e a delimitación do propio obxecto, trátase dun estudo de caso que pode ser definido como “una descripción intensiva, holística y un análisis de una entidad singular, un fenómeno o unidad social. Los estudios de casos son particularistas, descriptivos y heurísticos y se basan en el razonamiento inductivo al manejar múltiples fuentes de datos” (Pérez Serrano, 1994, p. 82). As técnicas utilizadas para a recolección e análise de información foron a revisión bibliográfica e a análise de contidos dos semanarios escollidos (ver anexo 1, táboa 2 para a cronoloxía). Polo tanto, esta investigación non ten pretensións nomotéticas, senón que se asenta nos parámetros idiográficos para ter unha maior e mellor comprensión do anarcosindicalismo galego prefranquista e a súa relación coa educación.

### **2.1. Metodoloxía de investigación histórico-educativa**

A metodoloxía de investigación na que se sustenta este proxecto correspóndese coa denominada histórico-educativa, derivada do método histórico (Tiana Ferrer, 1988). Nesta liña, Espín López (2002) tamén distingue entre Historia da Pedagogía –destinada ao estudo da historiografía das correntes filosóficas relativas á educación– e Historia da Educación –centrada nas metodoloxías, experiencias e prácticas concretas desenvolvidas ao longo da historia–. Dentro desta última liña, na que se encadra a presente investigación, cómpre

mencionar que a omnipresencia e incidencia da educación na sociedade insta a analizar a contorna sociopolítica. É preciso lembrar que os dereitos, e a educación como parte deles, son construídos historicamente en procesos demarcados temporal e espacialmente e non son lineais, senón froito das loitas, coincidencias e contradicións (Míguez Macho, 2008). A principal causa desta realidade é que, ante a equiparación da educación á escolarización, así como a maior accesibilidade á documentación e aos materiais que podan conformar fontes primarias fiables, a Historia da Educación reduciuse ao único que se entendía por educación nos tempos pasados que se estaban a estudar (Caride Gómez, 2005). Por esta razón é imprescindible contemplar todas iniciativas socioeducativas –aquelas situadas nas marxes e esquecidas– a fin de ampliar o horizonte dunha Historia da Educación que non solo se circunscribe ao ámbito escolar.

Tradicionalmente, a Educación Social ten sido estudada dende a súa fragmentación en diferentes ámbitos, pero moi poucas veces baixo o paraugas da Pedagogía-Educación Social (Caride Gómez, 2005). E en concreto, como establece Nieto Martín (1992), no ámbito da Historia da Educación Social existe unha hexemónica cantidade de investigación arredor dos eidos asistencial, benéfico-social e de educación especializada centrada na nenez e na pobreza. Porén, outras experiencias como as promovidas polo movemento obreiro, centradas –ademais do anterior– na educación popular, quedaron sumidas no esquecemento. Así o expresa Ruiz Berrio (1999) ao presentar o monográfico de Historia da Educación Social: “el concepto de «historia de la educación social» que hemos manejado (...) es el de historia de los procesos educativos destinados a equilibrar, superar o prevenir dos categorías fundamentales: la marginación y la exclusión, especialmente en la infancia y juventud” (Ruiz Berrio, 1999, p. 7). Por esta razón urxe crear un discurso historiográfico propio, que amplíe o concepto de educación, e que poña o foco en todos os ámbitos socioeducativos coma unha rede interdependente a fin de acadar os tres obxectivos que teñen en común o movemento obreiro e a Educación Social: resistir, reformar e transformar.

Este estudo nace coa finalidade de coñecer o pensamento pedagóxico-educativo das organizacións obreiras galegas. Dentro destas, o traballo centrarase nas organizacións anarcosindicalistas xa que o movemento libertario adquiriu moi pronto conciencia sobre a importancia da educación obreira para a emancipación social. Desde esta perspectiva, a prensa contribúe a unha visión panorámica como representación do anarcosindicalismo galego ao dar protagonismo –principalmente– aos voceiros da Confederación Nacional do Traballo, o principal sindicato anarquista da época. Estes voceiros foron *Solidaridad Obrera de La Coruña* (1923-1935) e *Solidaridad* (1935-1936), que foron editados nas principais cidades do Eixo Atlántico do país ao longo da súa traxectoria.

A prensa adoita ser unha ferramenta de expresión e socialización fundamental na conformación de identidades colectivas e políticas. A este respecto, Martínez González

(2009) destaca a súa incidencia na clase traballadora, así como a súa vocación pedagóxica nun momento histórico no que a educación constituía un privilexio. Porén, debe considerarse o discurso imparcial ou neutro da prensa, de aí intenso traballo de crítica das fontes por parte das historiadoras para que a investigación sexa veraz (Garitaonandia Garnacho e Tuñón de Lara, 1996). Con este propósito resulta esencial realizar cinco operacións de crítica interna: crítica de interpretación, de competencia, de sinceridade, de exactitude e de verificación das testemuñas (Tiana Ferrer, 1988); e dúas de crítica externa: de procedencia e de restitución (Fox, 1981). A tal fin, dende tanto desde as metodoloxías histórico-educativas como desde outras, recórrese á triangulación metodolóxica como base crítica e como ferramenta de contraste da información (Eiroa, 2009); razón pola cal o presente traballo se desenvolverá dende unha óptica de investigación mixta. Con todo, dende o labor historiográfico débese manter a modestia e lembrar as limitacións coas que as ciencias –todas– se atopan na súa procura da verdade (Garitaonandia Garnacho e Tuñón de Lara, 1996).

Por último, e seguindo a metodoloxía histórico-educativa, realizarase o informe do traballo cunha explicación de corte definitoria e xenética, aunando e clarificando o fenómeno educativo no anarquismo galego prefranquista coa identificación dos seus estadios de desenvolvemento (Tiana Ferrer, 1988).

## **2.2. Características metodolóxicas do proceso de investigación**

A fin de acadar a consecución dos obxectivos establecidos neste traballo, ademais de seguir as liñas xerais da metodoloxía de investigación histórico-educativa, concrépanse tres fases do proceso investigador marcadas por dúas técnicas de recollida información. En primeiro lugar, realízase unha análise bibliográfica que permite clarificar o marco teórico-contextual desta realidade. Seguidamente, lévase a cabo unha análise de contido que examina a prensa obreira escollida a partir dunha selección de artigos e apartados máis relevantes para o estudo. Por último, realízase unha comparación dos datos de cara á construción de conclusións. Esta comparación dos datos faise atendendo tanto ás categorías da análise de contido como dos resultados e da contextualización. Desta forma triangúlase a información mediante un exame preciso dos datos grazas á diversificación de fontes que facilita a vixilancia epistemolóxica da investigación (Martínez González, 2009). Esta última fase aparece recollida nos apartados 3.3 e 4 respectivamente.

### **2.2.1. Análise contextual**

En primeiro lugar, e con carácter previo á análise de contido, realízase unha análise bibliográfica da literatura especializada no contexto que abrangue a consolidación do movemento obreiro e a súa prensa. O obxectivo desta contextualización é manter un proceder crítico e rigoroso na elaboración do corpo teórico-contextual no que se sustenta o estudo.

Neste senso, resulta imprescindible coñecer as orixes da prensa obreira e o seu devir dende a historiografía para poder analizar os seus contidos cun carácter metódico e científico (Míguez Macho, 2008). Trátase polo tanto dun modelo isomórfico dialéctico de marco teórico-contextual (Cardoso, 2000), xa que pretende analizar as relacións das variables educación e movemento obreiro a través da prensa, toda vez que estuda a evolución destes vínculos nas primeiras décadas do século XX.

O método seguido neste apartado para a busca das fontes secundarias de información (Tiana Ferrer, 1988) foi a través do emprego de buscadores de referencias bibliográficas académicas; e que, neste caso, foron: Iacobus, Dialnet e Scopus. Unhas bases de datos que se complementarían coa busca das revistas especializadas en Historia da Educación con maior índice de impacto a nivel nacional. O resultado final desta revisión bibliográfica atópase no apartado segundo deste traballo, titulado *Contexto histórico-educativo*.

### **2.2.2. Análise de contido**

Unha vez establecido e estudado o marco teórico-contextual, cómpre comezar coa análise de contido. Esta técnica ten unha dobre finalidade, xa que ten unha función heurística –de descubrimento de aspectos do discurso– e de comprobación, porque permite verificar a certeza das hipóteses formuladas (Amado et al., 2014). Fox (1981, p. 709) conceptualízaa como o “procedimiento para la categorización de datos verbales o de conducta, con fines de clasificación, resumen y tabulación”; mentres que Krippendorff (1990, p. 28) defínea como a “técnica de investigación destinada a formular, a partir de ciertos datos, inferencias reproducibles y válidas que puedan aplicarse a su contexto”. En ambos casos os autores coinciden en caracterizala como unha técnica sistemática, que traballa sobre os contidos – manifestos e latentes– dos textos así como a capacidade de transformalos en táboas e/ou estatísticas (Espín López, 2002).

Segundo Krippendorff (1990) e Bardin (1996), a análise de contido configúrase atendendo a cinco fases establecidas: a preanálise, que establece un plan de análise da información primaria seleccionada; a formación do sistema categorial, destinado á análise de información desta fonte; a determinación das unidades de análise e de rexistro para a selección e sistematización dos datos; a selección, extracción, recollida e sistematización dos datos obtidos; e a revisión, valoración e contraste de toda a información extraída. As diferentes fases teóricas para a elaboración deste traballo pódense consultar no anexo I (figura 11), na que se explica a organización temporal da investigación así como no anexo II, no que se reflicte o esquema do procedemento.

Toda análise de contido precisa dun corpus de investigación que constitúa o contido xeral a analizar. Neste caso, a intencionalidade era coñecer as ideas pedagóxicas e as primeiras iniciativas e experiencias educativas promovidas polo movemento obreiro galego e,

particularmente, polo movemento anarquista con un maior percorrido e desenvolvemento respecto das iniciativas de corte socialista-marxista (Terrón e Viñao, 2019). Por esta razón, decidiuse analizar o anarquismo galego do tempo da ditadura de Primo de Rivera e da Segunda República; ao configurarse como datas clave na conformación do movemento obreiro galego e, principalmente, para a corrente libertaria.

Considerando esta decisión que, dende o inicio se concretou na prensa obreira como a mellor ferramenta para coñecer os postulados pedagóxicos do movemento obreiro, os semanarios escollidos para compoñer a mostraxe intertextual foron *Solidaridad Obrera de La Coruña* (1923-1934) e *Solidaridad* (1935-1936); en ambos casos voceiros da Confederación Rexional Galaica, adherida á Confederación Nacional de Traballadores (CNT). Trátase de dúas publicacións periódicas diferentes debido á censura imposta polo goberno republicano cedista trala folga masiva de outubro de 1934; unha data na que deixa de editarse o primeiro semanario para renacer –uns meses despois– co nome de *Solidaridad*, a fin de sortear esta prohibición (Pereira, 1994). A referida análise sitúase nun marco temporal (1923-1936) que abrangue practicamente a totalidade dos exemplares; limitada unicamente pola dispoñibilidade dos números que custodia a Biblioteca de Estudos Locais de A Coruña e a Biblioteca da USC (pódese atopar a información completa dos números dispoñibles e consultados nos anexos III e IV deste informe). De aí que as fontes de información para a realización desta análise sexan esencialmente primarias (Tiana Ferrer, 1988), xa que estes semanarios orixinais son o obxecto de estudo.

A selección da mostraxe intratextual de artigos e apartados analizados comportou establecer unha serie de criterios que tiñan como propósito incluír todos aqueles fragmentos relativos á educación –na súa conceptualización máis ampla– sen excluír aqueles textos que –debido á época– non eran considerados educativos por ser alleos á escola ou á cultura hexemónica. Deste xeito definíronse dous criterios:

- Artigos que contemplaran no título ou subtítulo os termos: *escuela, enseñanza, educación, instrucción, formación* ou *cultura*.
- Artigos con temáticas relacionadas co ámbito da educación como son o lecer e o tempo libre, o asociacionismo e a participación social, a transformación social, o desenvolvemento humano e social, a sociabilidade, a lectura, a natureza, etc.

Aínda que este último apartado poda parecer moi amplo, ambiguo ou abstracto, a realidade é que na presente investigación existe unha firme vontade de posta en valor daqueles ámbitos da educación e, en específico, da educación social, que tenden a ser estudados dende a fragmentación e como unha *rara avis* dentro da educación; pero que, sen embargo, representan e constitúen a manifestación máis cotiá e integral da súa praxe social e educativa.

Así, o total de artigos dos semanarios estudados é de 4.063, mentres que a mostra final quedou constituída por un total de 365, divididos en nove espazos temporais atendendo ás épocas e anos de publicación do semanario (véxase no anexo II, a táboa 3).

Tendo en conta a predominancia do paradigma cualitativo neste estudo, á vez que se vai consolidando a mostra (Eiroa, 2009), deséñase un sistema de categorías que será utilizado na análise de contido. A construción deste sistema tivo como base os principios establecidos por Amado et al. (2014): homoxeneidade entre categorías, inclusión –deben comprender a totalidade das observacións–, utilidade en función dos obxectivos, claridade e concreción, e exclusión mutua. Esta última é a máis complexa, xa que determina a fiabilidade do estudo (Martínez González, 2009); e que se medirá mediante a porcentaxe de veces que unha unidade de rexistro corresponde con dúas ou máis categorías, sendo menor do 10% (Nieto Martín, 1986). Neste estudo, segundo a metodoloxía e categorización deseñadas, a fiabilidade dos instrumentos é do 96,17%. Atendendo a estas características e aos obxectivos da investigación creáronse as seguintes categorías, que aparecen recollidas na táboa 1:

- Educación regrada. Enténdese como o conxunto de teorías, metodoloxías e experiencias integradas no sistema estruturado e sistemático de ensino que forma parte da educación institucionalizada dun territorio. Unha educación organizada, secuenciada e baseada nun currículo establecido polas autoridades educativas competentes e que, neste caso, resultaban da Lei Moyano de 1857. Esta categoría abrangue tanto a crítica de modelos pedagóxicos, como a promoción do ensino obreiro, certas tendencias pedagóxicas ou a fundación de escolas propias.
- Educación popular. Entendida como o “conjunto polimorfo de los procesos de formación dirigidos a la educación de clases populares (o grupos sociales dominados, subalternos y/o instrumentales en toda la sociedad, recogiendo la famosa expresión gramsciana)” (Tiana Ferrer et al., 2014, p. 158). Nesta categoría atópase a defensa da educación obreira máis aló da escolarización, a promoción de iniciativas socioculturais, a teorización sobre modelos de educación popular e as prácticas de Animación Sociocultural centradas no desenvolvemento activo e participado das persoas nas súas comunidades.
- Asistencia Benéfico-Social. Segundo Guereña et al. (2010), a Educación Social non se compón só de educación popular, senón que tamén destina unha grande parte dos seus esforzos á creación de espazos de apoio e solidariedade. A asistencia benéfico-social céntrase na provisión de axuda e soporte a colectivos en situacións de vulnerabilidade, na procura da satisfacción de necesidades básicas que permitan o pleno exercicio de dereitos. Esta categoría fai fincapé naquelas prácticas desenvolvidas polo movemento obreiro e designadas como apoio material –asistencia benéfico-social– e apoio moral –solidariedade–.

- Socialización de xénero feminina. Refírese ao proceso polo cal as nenas e mulleres aprenden e asimilan as normas, valores, comportamentos e expectativas que unha determinada sociedade considera apropiados para o seu sexo-xénero. Este proceso comeza desde o nacemento e esténdese ao longo de toda a vida, influíndo na forma na que as mulleres se perciben a si mesmas, como interactúan con outras e como se posicionan na sociedade (Martínez Egido, 2022). Así é como a prensa se configura como un medio de comunicación, pero tamén un instrumento educador que resulta relevante para coñecer as perspectivas defendidas polo anarcosindicalismo galego con respecto ás mulleres e a súa función social a comezos do século pasado. Nesta categoría analízanse as reproducións de estereotipos de xénero e as críticas aos mesmos.

### Táboa 1

#### *Sistema de categorías utilizado na análise de contido da investigación*

<b>Categorías</b>	<b>Ítems</b>
Educación regrada	Defensa do ensino obreiro
	Crítica ou reprobación de modelos pedagóxicos
	Defensa de tendencias pedagóxicas
	Promoción de escolas propias
Educación popular	Defensa da educación obreira
	Promoción e/ou publicidade de iniciativas socioculturais
	Crítica e/ou promoción de modelos teóricos de educación popular
	Animación sociocultural: Defensa e motivación para autoorganizarse co fin de transformación social
Asistencia Benéfico-Social	Promoción e/ou publicidade da creación e consolidación de espazos de sociabilidade
	Defensa e motivación para autoorganizarse co fin de asistencia social
Socialización de xénero feminina	Fomento da solidariedade e outros valores de apoio mutuo
	Reproducción de estereotipos de xénero patriarcais
	Crítica aos estereotipos de xénero patriarcais

Unha vez creado o sistema de categorías, só queda aplicalo e analizar os datos que deriven desta implementación. A análise dos datos contempla dous eixos (Espín López, 2002):

- Análise intratextual: un estudo da frecuencia, dirección e intensidade (Nieto Martín, 1986) de cada unha das categorías, así como de cada un dos ítems establecidos, a fin de clarificar as principais tendencias de pensamento pedagóxico do

anarcosindicalismo galego e as súas loitas e iniciativas troncais. Para isto, utilizarase o programa Transkribus, para realizar unha clasificación máis exhaustiva e deliberada dos contidos.

- Análise extratextual: a lectura lonxitudinal das publicacións en función das épocas e anos nos que se editaron os diferentes artigos, co fin de coñecer a evolución do seu pensamento e as principais tendencias segundo a directiva da publicación e o contexto sociopolítico no que se enmarca.

En ambos casos é fundamental recorrer a análises mixtas que permitan unha comprensión máis ampla, profunda e integral do obxecto de estudo. A complementariedade das análises cualitativas e cuantitativas permite a validación dos resultados, así como unha maior riqueza e inclusividade dos datos e da información recadada, ademais, da flexibilidade no tratamento de feitos históricos dende a rigorosidade e o respecto ao pasado e ao presente.

### **3. As revistas *Solidaridad Obrera de La Coruña* e *Solidaridad***

#### **3.1. Antecedentes, trazos e horizontes**

As flutuacións na traxectoria dos diferentes títulos da prensa obreira ao longo da súa historia foron consecuencia directa das características do contexto que lles rodea. No relativo aos semanarios que aquí se estudan, a realidade e evolución non é diferente, aínda que si particular. Herdeira doutros boletíns de prensa galegos de corte libertario, dende *La Lucha Obrera* ata *El Corsario* (Brey, 2019), *Solidaridad Obrera de La Coruña* nace en 1923 como primoxénita do recién constituído CRG, baixo o nome de “Semanario Sindicalista, órgano de la Confederación Regional de Galicia y portavoz de la Confederación Nacional del Trabajo”. Dous anos máis tarde mudaríase a súa denominación, converténdose no “Semanario órgano de la Confederación Regional de Galicia y Portavoz de la Confederación Nacional del Trabajo”, para constituírse finalmente –dende 1930 ata a súa clausura– no “Semanario Órgano de la Confederación Regional Galaica”. Cunha impresión itinerante, entre A Coruña e Compostela, chegou a ter tiradas de 8.000 exemplares no ano 1933. A súa dirección estivo ao cargo de diferentes dirixentes sindicalistas, sendo José Suárez Duque o primeiro e seguido de José Villaverde e Claro José Sendón (Pereira e González Probados, 1982). O contido deste semanario atópase dividido en seccións internas do periódico como son as *Floreillas* –na que se fan comentarios de actualidade dende a dirección da publicación–, *Vida Sindical* ou *Página Sindical* –na que se abordan aspectos relativos ao ámbito sociolaboral–, *Panorama Internacional* –escrito e enviado pola AIT– ou folletines por entregas de persoeiros como Peiró, López Arango e Villaverde. En palabras de Gastón Leval (SOLC, 1932, nº 96, p. 1),

De cuantos periódicos españoles me llegan, este es el que más y mejor ha conservado la dignidad que cuadra a los anarquistas, a los sindicatos de la CNT. Lo ha conseguido oponiéndose a que las luchas de banderas se propagasen a Galicia, llamando a la

cordura y al orden a quien se excedía en el ataque o en la medida represiva (...) Por esta firmeza, por esta lucida intransigencia moral y doctrinal, por la amplitud de los puntos de mira sostenidos por S. O. de La Coruña, modesta en su tamaño y en su tirada se coloca a la vanguardia de toda nuestra prensa española.

A conflitividade social de 1934, tamén chegou –aínda que máis tarde– a Galicia e aos seus sindicatos. Así, co peche do semanario e despois dalgúns intentos por reabrilo, xermina a mediados de 1935 *Solidaridad. Semanario órgano de la CRG*; que contaba cunha tirada de 4.000 exemplares durante o goberno cedista, incrementándose ata os 7.000 coa chegada do goberno do Frente Popular. Esta publicación tratou de suplir a necesidade de comunicación e información que precisa un órgano articulado e federalista como é a CRG (Pereira e González Probados, 1982).

No que se refire á intencionalidade destes semanarios, apréciase unha clara diferenza entre as eras da publicación, como consecuencia dos cambios sociopolíticos e tamén do liderazgo á fronte da súa dirección. Mentres que estes órganos sempre tiveron unha postura moderada –en tanto que seguidores de Ángel Pestaña– dentro do anarquismo español, existe unha forte ruptura con esta liña a partir da dimisión de Villaverde no ano 1933 e da nova directiva a cargo do faísta Claro José Sendón.

### **3.2. Análise de contidos educativos nos semanarios**

As publicacións periódicas teñen a singularidade de ser –ao mesmo tempo– voceiras e estampas da realidade na que se editan. Neste caso, os semanarios da CRG *Solidaridad Obrera de La Coruña* e *Solidaridad* contan con 4.063 artigos, publicados ao longo dos nove anos de existencia destes semanarios. Do universo de artigos revisados seleccionáronse –atendendo aos criterios explicados anteriormente– e analizáronse 365 artigos que discutían termos e contidos relacionados con algunha das polas educativas establecidas nos criterios de selección. A mostra sitúase en torno a un 9% do total das publicacións, ofrecendo unha visión significativa da representación e importancia das diferentes temáticas na prensa da época. A distribución dos artigos por categoría correspóndese coa presentada na Figura 1, na que se pode observar o desigual reparto e presenza das temáticas no total da análise.

A primeira vista destaca o predominio da categoría *Educación Popular*, cun amplo porcentaxe que se sitúa no 48,5%, sendo a temática máis representada en todos os anos, aínda que no ano 1936, incrementouse ata alcanzar o 64% (Figura 2). Unha situación que reflicte unha énfase especial e continua na promoción da educación e a cultura entre a clase traballadora como ferramenta fundamental para a transformación social. Cómpre lembrar que esta categoría se compón de cinco ítems que aglutinan as principais teorías e praxes arredor da educación popular e a popularización da educación dende unha perspectiva de clase e antiautoritaria.

**Figura 1**

*Intensidade da presenza de cada unha das categorías nos semanarios*




A seguinte das categorías con maior presenza nos semanarios é a *Asistencia Benéfico-Social*, o segundo dos pés no que se asenta a Educación Social, cunha intensidade de publicación que ronda o 34% no global da mostra. Cómpre mencionar que esta categoría mostra un notable aumento no número de artigos, especialmente entre 1932 e 1934; o que podería relacionarse coa intensificación das necesidades sociais de apoio material e moral neste período.

No que respecta á categoría *Educación Regrada* resulta salientable a flutuación que experimentou ao longo dos anos. Se ben esta temática recolle o 9,7% dos artigos analizados, é unha materia cunha presenza relativamente estable, segada por un lixeiro descenso en 1936. Así, da análise realizada infírese unha preocupación persistente pola calidade e o acceso á educación regrada, tanto escolar como universitaria.

Por último, os contidos relativos á *Socialización de xénero feminina* teñen unha presenza do 7,8% sobre o total dos artigos, acreditando certa estabilidade ao longo do tempo. Nesta categoría intégranse aqueles artigos que critican ou que reproducen os estereotipos de xénero patriarcais; sendo case un oitavo por cento de artigos os que apelan directamente ás mulleres, aos seus hábitos e valores.

No referido a unha análise lonxitudinal, a distribución dos artigos varía significativamente no período estudado, reflectindo a flutuación nas prioridades e intereses da prensa ao longo do tempo. A continuación, na Figura 2 expónse a evolución da presenza educativa nos voceiros da CRG, así como a distribución anual das principais temáticas.

**Figura 2***Distribución de artigos por anos e categorías*

Á vista destes datos, e considerando a *Educación Regrada* como unha das categorías con menor peso na análise global (véxase o anexo IV, táboa 4), advírtese a súa persistencia no tempo, ao ser a única categoría presente –alo menos unha vez– en cada ano de publicación. Disto infírese a importancia que ten a educación –na súa acepción máis popular– para o movemento obreiro libertario. Doutra banda, a *Educación Popular* tamén se ve representada de forma homoxénea en termos relativos, xa que co incremento de números publicados aumentan proporcionalmente os dedicados a esta cuestión. Debido a isto, e por ser a categoría máis repetida ao longo das publicacións, son visibles os esforzos deste movemento pola educación non regrada e de carácter colectivo, concretándose en diferentes espazos –ateneos, centros sociais ou de estudos, etc.– e diversas metodoloxías –fomento da lectura, debates, conferencias...– (consultar anexo IV, táboa 5).

Ao respecto da categoría *Asistencia Benéfico-Social*, resulta salientable a regularidade da súa presenza, crebada unicamente no ano 1933; tanto é así, que a conflitividade social do momento vese traducida nunha alude de textos en favor da solidariedade. Por último, cómpre mencionar que a categoría de *Socialización de xénero feminina* evidénciase por primeira vez no 1931, perdendo forza ao longo dos seguintes anos.

### 3.2.1. Educación Regrada

Nesta primeira categoría, que aborda a educación institucionalizada e regrada, tanto de crianzas como de xoves universitarias, inclúe á súa vez catro temas esenciais para unha comprensión holística desta realidade: defensa do ensino obreiro, crítica ou reprobación de modelos pedagóxicos, defensa de tendencias pedagóxicas e promoción de escolas propias;

unha clasificación que supón o 9,7% do total dos artigos analizados entre 1923 e 1936. Para a ampliación desta información, pódese consultar o Anexo V, e a distribución dos ítems en función da súa presenza nos textos e a súa evolución ao longo dos anos de publicación (figuras 3 e 4 respectivamente).


Aínda que existe un certo equilibrio entre as catro áreas temáticas estudadas, a *Defensa de modelos pedagóxicos* destaca cun 35,9% (ver figura 3). Neste ítem, os artigos fundaméntanse na discusión e promoción de métodos educativos alternativos aos oficiais, en consonancia cos principios anarquistas; uns métodos que adoitan enfatizar na liberdade, a autonomía do estudantado e a importancia da aprendizaxe experiencial e activa. O punto álxido desta temática acontece entre 1931 e 1932 (figura 4), cando se intensifica a implementación de novas metodoloxías pedagóxicas en prol da racionalidade e o desenvolvemento integral do individuo, mostrando así un claro compromiso pola innovación pedagóxica (véxase o anexo V, táboa 6). En palabras do propio semanario,


Una educación racional será, pues, la que conserve al hombre la facultad de querer, de soñar, de esperar, la que se base únicamente sobre las necesidades de la vida; la que deje florecer y fructificar libremente; la que mejor facilite su desarrollo y realización, a fin de que las fuerzas del organismo se concentren sobre un mismo objetivo exterior, a saber: la lucha por el trabajo, para el cumplimiento que reclama el pensamiento. (Solidaridad, 1935, nº 22, p.3)

Deste xeito, a defensa destas tendencias pedagóxicas supón unha ruptura completa cos métodos educativos coercitivos e formula alternativas baseadas na colaboración, a auto-disciplina e o respecto pola individualidade de cada estudante.

### Figura 3

*Intensidade da presenza de cada un dos ítems de Educación Regrada nos semanarios*



**Figura 4***Evolución da presenza de Educación Regrada nas publicacións*

En segundo lugar, atópase o ítem de *Promoción de escolas propias*; unha iniciativa recorrente no movemento libertario dende finais do século XIX e moi ligada ao anterior, xa que non só se defenden certos modelos educativos, senón que tamén se poñen en práctica rompendo coa dinámica tradicional. Esta temática, que comprende o 25,6% da categoría, resulta fundamental para impulsar a creación de institucións educativas independentes que reflectan os valores e principios anarquistas. Estes artigos fan un chamado á comunidade para involucrarse na creación e sostemento de escolas que proporcionen unha educación libre de dogmas e influencias externas, na liña dos modelos defendidos. De feito, a temática vinculada á promoción de escolas propias ten un menor número de artigos, a pesar de ser un dos tópicos máis constantes ao longo dos anos. O cume desta iniciativa ten lugar nas sesións do Pleno Rexional, celebrado en A Coruña en novembro de 1930, no que se di:

Una cosa recomienda esta ponencia: que con la urgencia que el caso requiere los Sindicatos vean la necesidad de abrir escuelas racionalistas donde los hijos de los trabajadores reciban la educación que precisan para vencer la educación corrosiva que reciben las escuelas religiosas que tanto abunda en España y las escuelas tan llenas de prejuicios que sostiene y mantiene el estado. (SOLC, 1930, nº 3, p. 7)

Dende 1925 existe unha crítica constante aos sistemas educativos tradicionais, cualificados de opresivos e alienantes, así como unha forte defensa de tendencias pedagóxicas alternativas co fin de fomentar o pensamento crítico e a liberdade individual. Entre os anos 1931 e 1932, obsérvase unha promoción activa de escolas racionalistas e

iniciativas de educación laica e non dogmática, como a petición de “dotar a la Coruña de una escuela donde el alumno reciba una educación de acuerdo con las corrientes libertarias” (SOLC, 1931, nº 14, p. 3). Estes anos destacan por un aumento significativo nas actividades relacionadas coa educación, reflectindo unha intensificación dos esforzos para contrarrestar a influencia das escolas estatais e relixiosas.

En consecuencia, o seguinte dos tópicos máis repetidos nas publicacións é a *Crítica ou reprobación de modelos pedagóxicos*, con un 23,1%. Aquí, os artigos critican duramente os métodos educativos tradicionais, especialmente aqueles influenciados pola Igrexa e o Estado, ao percibilos como opresivos e alienantes. A crítica é constante e revela unha preocupación profunda polos métodos, máis que polos contidos, da educación escolar; incrementando notablemente a súa intensidade entre 1931 e 1933. Neste sentido, criticase amplamente o fomento da pasividade e da conformidade dende a escola, en contraposición á defensa do fomento do pensamento crítico e da autonomía. Ademais, faise moito fincapé na necesidade de eliminar a influencia relixiosa na educación e de implementar paradigmas máis humanistas e científicos. Son numerosos os exemplos que contribúen a materializar estas ideas de crítica aos métodos pedagóxicos e de falta de axencia do estudantado nos seus propios procesos educativos, con manifestacións que revelan que "queremos una escuela donde no se emplee la maldita e inhumana teoría de que «la letra con sangre entra»" (SOLC, 1932, nº 61, p. 2) ou

¿Cómo es posible que individuos que desde su infancia han sido habituados a obrar por la voluntad ajena, bajo la presión de una ley exterior, en vista de un resultado cuya importancia no comprenden –puesto que la significación del trabajo se define simplemente por el premio y el castigo–, sean capaces de interesarse en lo que constituye la belleza, la nobleza del esfuerzo humano, su lucha eterna contra las fuerzas ciegas de la Naturaleza? (Solidaridad, 1935, nº 21, p. 3)

Por último, un derradeiro tópico, céntrase na necesidade de promocionar unha educación específica para a clase traballadora como medio de emancipación e mellora das súas condicións de vida; e que constitúe o 15,4% dos artigos desta categoría. Os artigos destacan a importancia da formación continua para as clases populares, non só como unha ferramenta para mellorar as súas habilidades laborais, senón tamén como un medio para a conciencia e acción política. A defensa do ensino obreiro perdura ao longo dos anos cunha flutuación anual que indica un enfoque constante, pero que se intensifica en anos chave como en 1932. Xa en 1931 escribíase en SOLC que "Hoy más que nunca, debemos capacitarnos para estar en condiciones no solamente de hundir todo lo presente, sino que también, para después de conseguido suplantarlos por una sociedad en donde anide la hermandad e igualdad sobre la tierra" (SOLC, 1931, nº 31, p. 1), destacando a importancia dunha educación ao longo da vida para acadar a transformación persoal e social. Outro dos eixos de incidencia

deste ítem é a importancia da autoformación e da lectura como vías de emancipación; constituíndo a base teórica na que se sostén a creación de bibliotecas populares e de centros de estudos para a clase traballadora, considerando a educación coma un dereito, pero tamén como un deber e unha responsabilidade colectiva co fin de mellorar as condicións de vida das iguais.

En canto á distribución temporal destes tópicos, cómpre destacar a súa irregularidade ao non existir continuidade de ningún deles. Con todo, os máis estables ao longo do tempo son a defensa de modelos pedagóxicos e a creación ou mantemento de escolas propias do proletariado; unhas temáticas que gardan estreita relación directa entre elas. A crítica de modelos pedagóxicos é tamén bastante repetida, aínda que goza dunha menor presenza xeral e ao longo dos anos. Por último, o fomento ou defensa do ensino obreiro en aras de escolarizar e formar unha clase traballadora máis eficiente e con mellores condicións laborais, está presente só en tres anos –sen ser consecutivos–, sendo en 1935 cando máis destaca esta liña argumental (anexo V, táboa 7).

En síntese, a análise cuantitativa revela que esta categoría e as súas temáticas son unha parte fundamental da prensa anarquista, reflectindo un compromiso forte e continuado coa transformación pedagóxica. A crítica aos modelos pedagóxicos tradicionais e a promoción de tendencias e escolas alternativas destacan como temas centrais. Así, os momentos álxidos en determinados anos denotan a intensa actividade e o enfoque no ámbito educativo, reflectindo as prioridades e as loitas do movemento anarquista no contexto da educación. Doutra banda, a análise cualitativa revela unha preocupación profunda, constante e multifacética pola educación institucionalizada como ferramenta *de* e *para* a emancipación. A través das diferentes temáticas, abórdanse críticas aos sistemas existentes, propostas de métodos alternativos e iniciativas concretas para a creación de escolas que se aliñen cos ideais anarquistas. En definitiva, a educación identifícase como a chave fundamental para a transformación social e a creación dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

### **3.2.2. Educación Popular**

Entre os anos 1925 e 1936 a *Educación Popular* foi amplamente tratada nestes semanarios anarquistas, superando os 180 artigos referidos a esta categoría; o que representa un 48,5% do total, e que denota a importancia outorgada a esta categoría no conxunto da análise. Neste senso, revélase un esforzo continuo e sistemático pola formación e a concientización das clases desposuídas, xa que –dende 1925– obsérvase unha forte énfase na promoción de ideas que buscan emancipalas a través da educación (anexo VI, táboa 8). Este é un enfoque constante que se mantén ao longo dos anos con numerosos artigos que subliñan a importancia da educación como ferramenta para a transformación social. Por exemplo, en 1931 e 1932 existen evidencias da creación de numerosas iniciativas socioculturais, tales


como bibliotecas e publicacións; o que evidencia un compromiso coa difusión cultural e intelectual *na e da* clase traballadora.


Outra temática destacable, máis polo peso do contido que pola presenza nas publicacións, é a defensa da educación obreira, cunha porcentaxe que se sitúa do 13,6%; un tema recorrente que suxire a necesidade de programas educativos que sirvan directamente aos intereses proletarios. Esta preocupación vese reflectida nos semanarios cando manifestan que "al paso que nos hacemos más cultos y más sensibles aumentan las necesidades. Los genios no han escrito sus obras para la aristocracia. Lo que se llama plebe gusta de poseer una biblioteca para satisfacer las exigencias de su espíritu" (SOLC, 1931, nº 6, p. 1). Unha inquietude pola educación como medio de emancipación que tamén se evidencia nas críticas aos modelos pedagóxicos e á promoción de alternativas favorables para unha aprendizaxe máis libertaria e racional.

Dende unha perspectiva cuantitativa, esta categoría revela unha forte énfase nas iniciativas socioculturais e nos espazos de sociabilidade, que xuntas representan dous terzos do total de artigos analizados (ver figura 5). Se consideramos a variable temporal, cómpre dicir que a evolución da publicación deste contido é moi regular, pois nos anos nos que existe unha menor presenza desta temática coinciden coa menor dispoñibilidade debido á perda de orixinais ou á censura dos semanarios (Figura 6).

**Figura 5**

*Intensidade da presenza de cada un dos ítems de Educación Popular nos semanarios*



**Figura 6***Evolución da presenza de Educación Popular nas publicacións*

Comezado a análise polos ítems máis representados, cómpre fixar a mirada na *Promoción e publicidade de iniciativas socioculturais*; sendo unha faceta chave da educación popular que se manifesta a través da organización de conferencias, encontros e outros eventos socioeducativos. Así, artigos como os de "Centro de Estudios Sociales Germinal. Excursión a Betanzos e Pontedeume" (SOLC, 1933, nº 121, p. 2) ou o de "Ateneo Libertario Nueva Era. Excursión a Mera" (SOLC, 1934, nº 162, p. 4), destacan a importancia de organizar excursións educativas para as persoas traballadoras e as súas familias co fin de formarse, pero tamén como unha estratexia para a cohesión grupal e o fomento da fraternidade. Así se indica no primeiro dos artigos ao describila como unha experiencia "de sano esparcimiento y eficaz y cultural enseñanza para todos".

É preciso analizar polo miúdo tamén unha das citas do artigo "Por una sociedad sana, justa y libre", escrito polo doutor Arangüena, Director do Dispensario Oficial Antivenéreo, que trata a educación sexual e profilaxis nos seguintes termos:

por la falta de cultura y educación en el Pueblo sobre estas cuestiones, que no han tenido ocasión de aprender, sino en conversaciones con compañeros experimentados que por serlo se creen en el deber de dar consejos casi siempre perjudiciales, o por el escaso de medios de difusión. (18/01/1936)

Neste caso pódese inferir que ás veces criticase a falta de formación arredor de temas importantes, que moitas veces resultaban tabú e/ou eran excluídos nos procesos de ensino-aprendizaxe, como a saúde sexual; sendo un exemplo dos moitos que aparecen ao longo das

publicacións e que evidencia –e xustifica en parte– a necesidade de iniciativas socioculturais que permitan maior e mellor formación para as clases populares polo ben da súa saúde, desenvolvemento persoal e comunitario.

En liña co anterior, e pola necesidade puramente loxística –en principio– de realizar estas actividades socioculturais en espazos propios, gratuítos, libres de censuras e nunhas condicións mínimas de salubridade, continúaase co seguinte ítem de promoción e publicidade da creación e consolidación de *Espazos de Sociabilidade*. Este apartado non é unha cuestión menor, pois representa o 28,8% do total da categoría, ademais de ser un aspecto fundamental dentro da Educación Popular e do seu desenvolvemento. Aínda que a principal función é a de albergar as iniciativas socioculturais, estes espazos tiveron funcións moito máis importantes, pois serviron como espazos de encontro nos que socializar e colectivizar malestares e ideas.

Un exemplo disto son os case trinta artigos que –ao longo dos anos– se publicaron para representar os esforzos do anarcosindicalismo coruñés por crear a Casa Sindical; un espazo sobre o que paga a pena deterse. Este edificio, que estaría situado na que hoxe é a Praza de Vigo (A Coruña), tiña proxectado un plano ambicioso de catro pisos e un soto que contaría con espazos como un salón de actos para 1.500 persoas, unha escola para crianzas con dous grados, servizos e lavabos, unha biblioteca, unha sala de xuntas, máis de corenta despachos con salas de espera, un café con terraza na azotea e a casa do bedel (SOLC, 1932, nº 95, p. 4). Máis tarde, íranse incorporando achegas e novos proxectos á Casa como a instalación dunha imprenta e das oficinas do periódico (SOLC, 1933, nº 121, p. 2). A Casa financiaríase a partir das cotas de afiliados á Federación Local e do recadado a través de festivais benéficos, construindo o primeiro piso completo, segundo se pode ver nas fotografías que acompañan aos artigos, que foi “construída con nuestro solo esfuerzo” (SOLC, 1932, nº 95, p. 4). Neste espazo a educación escolar tamén ten un lugar privilexiado nunha escolar feita *ad hoc* “donde se moldearán el cerebro y el espíritu de sus hijos, con una educación científica y racional, libre de la tutela oficial que todo mixtifica y envenena” (SOLC, 1933, nº 121, p. 2).

Máis aló deste caso particular, existen moitos máis exemplos de espazos de sociabilidade como o Centro de Estudios Sociales Germinal, La Antorcha Galaica de Librepensamieto, Ateneo Libertario Nueva Era, Ateneo Popular de Divulgación Social de Vilagarcía, Ateneo Humanidad Libre de Lugo, Ateneo de Estudios Sociales Nueva Aurora, etc. Neste caso, pola forza e centralidade que tiña, o centro que acapara máis artigos destes semanarios é o Centro de Estudios Sociales Germinal; publicando a apertura, as iniciativas desenvolvidas e tamén a súa clausura por mor da censura política dende o goberno civil, pero tamén polas dificultades económicas para sufragar o mantemento dun local que era autoxestionado e dependía dos afiliados.

O ítem *Defensa da educación obreira*, conta cun 13,6% do total da categoría, e nel destácanse todos aqueles argumentos e opinións a favor da formación e desenvolvemento das persoas da clase traballadora cunha intencionalidade non só curtopracista, senón tamén a longo prazo co fin de construír novas sociedades máis xustas e equitativas. Neste caso resaltan algunhas citas como as seguintes:

"Es más fácil y más cómodo el encarcelar a los individuos, que el educarlos y ampararlos contra las asechanzas perniciosas del ambiente social; por eso las sociedades humanas organizadas no descuidan jamás este aspecto de la convivencia, mientras cuidan con tanta parsimonia del lado educativo y constructivo de los individuos" (SOLC, 1925, nº 88, p. 2)

"La capacitación de las masas para que lleguen a poseer facultades para el outo [auto] gobierno, constituye la verdadera preocupación de los anarquistas. Una sociedad, para que sea verdaderamente libre, debe estar compuesta por individuos que tengan una noción exacta del papel que desempeñan, de sus deberes y de sus derechos." (Solidaridad, 1935, nº 6, p. 3)

Estes fragmentos sintetizan con moita pertinencia os dous argumentos principais para a defensa da educación obreira: para a convivencia e cohesión social, debido ao papel socializador desta; e a educación para o desenvolvemento e a autonomía individual e colectiva. En diferentes artigos analizados faise fincapé na defensa da cultura obreira como un contido educativo fronte á imposta cultura elitista e burguesa:

Cuando se nos objeta: Los obreros no tienen cultura, preparación, para emanciparse, –digo–: ¿A qué cultura se refiere usted? ¿sabe dar graciosamente, con desenvoltura los buenos días, en qué año fué la batalla de Roncesvalles, contra o entre quiénes, quién pereció, etcétera? Eso sobra, es inútil, estorba. ¡Es-tor-ba! Y si, la que desde la tribuna propagamos. Que salgan "ilustrándolos", de la esclavitud en la que los interesados en ella los mantienen sumidos. (...) Cuanta más cultura, cuentos más datos, noticias, informaciones, contribuyan a formar el acerbo, su caudal cultural, más rebelde. Esta es la cultura que los proletarios han menester. A voleo esparzamos esta cultura. Muchas personas son tituladas, las Universidades les han conferido, otorgado, flamantes y relucientes títulos de gentes intelectuales y, a pesar de tener "cosas", (conocimientos) en la cabeza profundizan, discurren menos que los "croios". (SOLC, 1933, nº 106, p. 2)

Cómpre dicir que este ítem ten unha regularidade interesante ao longo do período estudado, con incrementos significativos nas publicacións entre os anos 1931 e 1935; isto é, os anos posteriores aos períodos de grande conflictividade social.

A penúltima destas temáticas é a *Animación Sociocultural*, centrada e entendida como a defensa e motivación para autoorganizarse co fin de promover a transformación social,

enfazando a necesidade de que os e as traballadoras se organicen de xeito autónomo para loitar pola súa emancipación. Cunha presenza de artigos arredor do 11% faise notar bastante nas publicacións pois –entre outras cousas– vincula directamente a necesidade da educación e a transformación social. Isto obsérvase cando se defende que no rural “lo que precisan antes de nada, es educación cidadana. Hay que mandar profesores, maestros en el arte de matar la ignorancia. Desterrar del cerebro del paisano la creencia de que su amo es el cacique, es obra educativa” (SOLC, 1931, nº26, p. 1).

Tamén merece salientarse que este ítem conta cunha presenza maior nos anos 1931 e 1934, coincidindo cos maiores movementos de conflictividade e progresismo social na historia de España. Neste senso, moitos dos artigos aquí recollidos tenden a brindar un hábito de ánimo e esperanza para a asociación de iguais co fin de presionar a mudanza social. Así, alentaban á loita interclasista, internacionalista ou mesmo ao asociacionismo de xoves cos mesmos ideais como fixeran as Juventudes Libertarias.

Para finalizar esta categoría, atópanse os *Modelos teóricos de Educación Popular*, que aínda que conta con menor presenza (6,8%), acredita un contido moi relevante para a comprensión desta realidade. Nela proliferan artigos a partir de 1932, e teñen unha especial significatividade no ano 1936, destacando as metodoloxías de educación popular máis que os contidos ou contextos, xa que se centra precisamente neste aspecto dende unha mirada anarcosindicalista (anexo VI, táboa 9): "Hace falta que los Sindicatos, conscientes de su misión educadora, preparen al individuo no solamente para la lucha sino para el triunfo y para la labor a desarrollar después de este" (SOLC, 1932, nº 73, p. 3). Do mesmo xeito que defenden algúns modelos, tamén critican outros aínda que sexan afíns: "Hay escuelas anarquistas que se encasillan en el dogma y tendencias revolucionarias que se particularizan exclusivamente en un tópico, sin dar a los problemas sociales otro valor que el que supone su especialidad" (SOLC, 1933, nº 113, p. 3). Nesta cita constátase a importancia que recibe a contextualización da educación para o anarquismo, xa que educar de xeito liberador –como anarquistas– é sempre unha cuestión territorial, personalizada e coxuntural. Tamén nesta liña se fai unha defensa da esperanza e a confianza na mocidade para comprender e saber. En definitiva, para:

dar de lado al sistema de “educación” primitiva, acumulando en su cerebro un caudal de conocimientos prácticos que la elevan, para más tarde, entrar de lleno a participar con su opinion de los conflictos que se plantean en la cotidiana lucha por la existencia (Solidaridad, 1935, nº 7, p. 3)

Para finalizar con esta categoría, é importante destacar a variedade de autorías nas respectivas publicacións, pese a que destacan dous recoñecidos persoeiros da pedagogía anarquista estatal: o vigués Ricardo Mella e o francés Gastón Leval.

### 3.2.3. Asistencia Benéfico-Social

A categoría *Asistencia Benéfico-Social* é particularmente significativa, pois representa aproximadamente o 34,8% do total de artigos analizados; unha proporción que mostra unha tendencia crecente ao longo dos anos, alcanzando o seu pico en 1933, cando se contabilizaban arredor do 50% de artigos nese ano. Esta categoría distribúese en dous ítems principais: Asistencia Social e Solidariedade; sendo esta última a máis representada ao contar co 73% (figura 7) o que indica que constitúe un foco significativo nas accións colectivas e de apoio mutuo, especialmente durante os períodos de conflito ou crise. Por outro lado, a Asistencia Social –aínda que menos representada– reflicte a preocupación polos aspectos máis inmediatos e prácticos da vida das persoas que traballan, como a saúde e o benestar (véxase o anexo VII, táboa 10).

A análise da categoría *Asistencia Benéfico-Social* (ABS) revela un compromiso profundo e multifacético co benestar e a axuda mutua dentro do movemento anarquista, mentres que a análise dos respectivos ítems permite comprender mellor as dinámicas de axuda e apoio no contexto social e político da época. Os artigos vencellados ao tópico de Solidariedade destacan pola súa presenza constante e significativa, evidenciando unha forte cultura arredor do apoio mutuo e a mobilización colectiva entre os traballadores. Pola súa parte, os artigos referidos á Asistencia Social, pese a ser tamén numerosos, mostran unha distribución comparativamente menor, subliñando tamén a importancia das accións benéficas e de apoio directo á comunidade.

Desde os primeiros artigos publicados en 1925, hai chamadas repetidas á solidariedade obreira, destacando o valor que ten o apoio comunitario nas loitas laborais e sociais. É por isto que a categoría ABS revela unha preocupación constante polas condicións materiais dos traballadores e a necesidade de apoio mutuo e solidariedade.

A medida que avanza os anos, especialmente en 1931 e 1932, obsérvase un aumento nas iniciativas de asistencia social, tales como campañas para mellorar as condicións de traballo, proporcionar asistencia médica e apoiar aos presos políticos e ás súas familias. A solidariedade é un tema central, pola cantidade de artigos que destacan exemplos de apoio mutuo entre as familias traballadoras, tanto a nivel local como rexional; unha énfase que non só reflicte un compromiso coa axuda mutua, senón tamén representa unha crítica ás institucións estatais e caritativas, consideradas como insuficientes e opresivas.

Ao longo dos anos, a categoría *Asistencia Benéfico-Social* revela unha evolución na intensidade e na natureza das súas iniciativas. Así, durante o período comprendido entre 1925 e 1936 (figura 8), obsérvase un incremento notable na cantidade e complexidade das accións emprendidas; un aumento que non é casual, xa que reflicte unha clara adaptación ás necesidades cambiantes dos traballadores e das súas familias, tal e como pode observarse

detalladamente na táboa 11 do anexo VII. A análise cualitativa subliña que os artigos non se limitan a documentar estas accións, senón que funcionan como potentes ferramentas de mobilización e concienciación, promovendo unha ética de coidado e apoio mutuo que é esencial para o ideario anarquista.


As citas seleccionadas ao longo deste período ilustran de maneira vívida os valores e as prácticas que sustentan estas accións, proporcionando un retrato detallado de como a asistencia social e a solidariedade se materializan nun contexto de loita constante contra a opresión e a explotación. Un claro exemplo disto maniféstase na seguinte afirmación: "La lucha es vida y vivir libremente es lo que desea la humanidad" (SOLC, 1930, nº 1, p. 3). En definitiva, a análise cualitativa non só describe os feitos, senón que tamén revela a filosofía subxacente que impulsa estas iniciativas, destacando a interconexión entre a teoría e a práctica no movemento anarquista.


O ítem relacionado coa *Asistencia Social* –con un 27% de presenza– engloba un amplo espectro de temas relacionados co apoio aos membros máis vulnerables da sociedade. Un dos aspectos máis destacados é a preocupación polos presos e as súas familias, así como polos traballadores desempregados e as súas condicións de vida. Un exemplo elocuente aparece publicado no artigo do 11 de novembro de 1933, no que se solicitan "donativos para las navidades en las prisiones", resaltando a importancia de brindar apoio aos compañeiros encarcerados durante as festas. Unha cita representativa, que encapsula a esencia deste espírito solidario e subliña a interdependencia e a necesidade de esforzos colectivos para a superación das adversidades comúns, ao manifestar:

Este ser que clama: ¡Una limosna para un obrero sin trabajo! Nos quiere decir: Vengo a ti, compañero, porque sufres o sufrirás mi misma dolencia. Vengo a ti porque tú has de ser, compañero, quien me ayudes a conquistar lo que nos pertenece por igual. No quiero tu moneda. Guárdala. Quiero tu esfuerzo. Necesito tu espíritu y tu ayuda (SOLC, 1931, nº 46, p. 1).

### Figura 7

*Intensidade da presenza de cada un dos ítems de Asistencia benéfico-social nos semanarios*



**Figura 8***Evolución da presenza de Asistencia Benéfico-Social nas publicacións*

Tamén se observan esforzos significativos para proporcionar servizos básicos de saúde e benestar. Así, o 12 de decembro de 1931 publícase un artigo no que se lamenta o malestar polo posible peche da Policlínica Gratuíta, un servizo vital subvencionado polas familias traballadoras para garantir a súa asistencia médica; unha preocupación –a da saúde– que é reiterada e recorrente en varios artigos, subliñando a necesidade de crear e manter espazos de atención sanitaria que non dependan do estado ou das institucións burguesas. A procura de autonomía neste ámbito reflicte unha desconfianza nas solucións ofrecidas polas estruturas estatais e caritativas, consideradas como insuficientes ou incluso opresivas polo feito de crear dependencias estruturais.

A *Asistencia Social* tamén se manifesta nas iniciativas para mellorar as condicións laborais e de vida dos traballadores. Unha cita ilustrativa respecto da situación das persoas que viven no Hospicio indica que: "en vez de educadores y maestros se les ponen carceleros que redactan partes llenos de truculencias con los que los administradores redactan luego órdenes de expulsión" (SOLC, 1933, nº 131, p. 3). Estes esforzos non só buscan proporcionar alivio inmediato para as dificultades materiais, senón que tamén fomentan unha conciencia crítica e un sentido de comunidade.

Por outra banda, a *Solidariedade* é o ítem máis representado dentro desta categoría, constituíndo case o 73% dos artigos; un predominio que se reflicte na abondosa documentación de exemplos de apoio mutuo e cooperación entre traballadores, tanto a nivel local como rexional. A análise cuantitativa proporciona unha visión clara da distribución e evolución dos artigos dentro da categoría *Asistencia Benéfico-Social*, destacando a

importancia deste tipo de accións no contexto do movemento anarquista do período analizado. Esta categoría mostra un aumento notable no número de artigos –especialmente entre os anos 1932 e 1934– o que podería estar relacionado coa intensificación das necesidades sociais e a solidariedade durante os períodos de crise económica. Esta temática mantén unha presenza moi desigual ao longo dos anos, destacando especialmente en 1933 e 1934.

Tal e como se vén manifestando, este ítem reflicte unha cultura de apoio mutuo e coidado comunitario; que se evidencia a través de chamadas constantes ao boicot contra determinadas empresas e individuos que maltratan –ou explotan– aos traballadores. Unhas accións que non só buscan castigar aos opresores, senón que pretenden fortalecer os lazos comunitarios e a unidade entre os e as traballadoras. Algunhas destas empresas boicotadas foron a café-bares, nomeadamente o Montecarlo, Rosalía, Eslava ou Argentino-Gris; panaderías como Los Once Hermanos ou Regueiro y Segade; ou aqueles taxistas que apoiaban á patronal de transportes.

Doutra banda, as accións de *Solidariedade* tamén inclúen a organización de festivais e eventos benéficos para recadar fondos para quen máis o precise. Un exemplo destacado é o festival do 2 de decembro de 1935, titulado *Gran Festival Benéfico en favor de la compañera e hijas del malogrado compañero Llerena*, que tiña como obxectivo cubrir as necesidades da familia dun obreiro falecido, demostrando como a cultura e o entretemento se integran coas actividades de apoio económico e social.

As citas seleccionadas ao longo deste período ilustran de maneira vívida os valores e as prácticas que sustentan estas accións, proporcionando un retrato detallado de como a Asistencia Social e a Solidariedade se materializan nun contexto de loita constante contra a opresión e a explotación. Exprésanse tamén moitas sinais de felicidade e orgullo de clase cando se relatan actos de asistencia comunitaria ás persoas que o precisan, con expresións como "¿No es un orgullo citar en nuestra SOLI estos casos de espíritu solidario?" (SOLC, 1933, nº 145, p. 1)

A solidariedade tamén se presenta como unha resposta á falta de recursos financeiros organizados, como as caixas de resistencia. En lugar de depender destas, o movemento promove un enfoque baseado no apoio e na cooperación incondicional entre a base afiliada. Para ilustrar esta postura atópanse argumentos que expresan que "Nosotros no tenemos cajas de resistencia al igual que la U.G.T. por considerarlas perniciosas, y de ahí el deber del sacrificio en imponer la solidaridad en todos los casos" (SOLC, 1933, nº 145, p. 3). Esta cita destaca a diferenza fundamental que existe entre o enfoque anarquista e outras organizacións obreiras, enfatizando a importancia da solidariedade activa e do apoio mutuo como alicerces fundamentais.

Outro aspecto relevante é a crítica constante ás institucións burguesas e estatais, que se perciben como insuficientes ou mesmo opresivas; o que se traduce na preferencia por solucións autónomas e autoxestionadas. Para exemplificar esta postura e subliñar a confianza depositada no poder colectivo das traballadoras organizadas, máis que nas estruturas legais existentes para conseguir cambios significativos e duradeiros, atópanse citas que expresan que "La justicia burguesa, puede seguir el curso que le plazca, porque esto a nosotros no nos interesa poco ni mucho. Nuestras decisiones secundadas por un millón y medio de confederados, tendrán suficiente vigor para que nuestros designios se cumplan" (SOLC, 1933, nº 132, p. 2).

A solidariedade, por tanto, non só se concibe como unha resposta práctica ás necesidades inmediatas, senón tamén como un principio ético e político fundamental; de aí que se entenda que "con la solidaridad todo se vence, sin ella todo se pierde" (SOLC, 1933, nº 135, p. 3). Un principio que guía as accións concretas de apoio, pero que tamén asenta a filosofía máis ampla do movemento, na busca dunha sociedade baseada na cooperación e na axuda mutua, en oposición á competencia e á explotación características do sistema capitalista.

A análise das iniciativas de *Asistencia Social* e a *Solidariedade* no período estudado revela unha evolución constante e unha sofisticación crecente nas prácticas de apoio mutuo; uns esforzos que proporcionan alivio inmediato ás dificultades ao tempo que constrúen unha base sólida para a resistencia a longo prazo contra as forzas de opresión. Así, *Asistencia Social* e *Solidariedade* configúranse como medios para un fin, pero tamén representan fins en si mesmos: o que reflicte un compromiso profundo coa xustiza social e a dignidade humana.

En conclusión, a análise dos ítems de *Asistencia Social* e *Solidariedade* no contexto do movemento anarquista entre 1925 e 1936 revela unha clara prioridade polas prácticas de apoio mutuo e de resistencia colectiva; unhas experiencias que non só proporcionan solucións inmediatas ás necesidades materiais, senón que constrúen unha base sólida para unha resistencia duradeira contra as estruturas de opresión. A solidariedade, como principio central, guía tanto a teoría como a práctica; unha interconexión que resulta fundamental para comprender a dinámica interna do movemento anarquista e a súa capacidade para responder ás crises sociais e económicas da época.

En canto á evolución temporal, destaca a constancia de publicación referida ao tópic de *Asistencia Social*, observando un notable ascenso do ítem *Solidariedade* no ano 1933 mantendo a súa predominancia, pese a reducirse nos vindeiros anos (figura 8). Esta situación retrata unha necesidade contextual que requirirá dun chamamento á solidariedade moito maior do realizado ata entón, ou ben dun cambio na dirección ou perspectiva dos semanarios. Neste sentido, o contido tamén cambiará radicalmente dentro da categoría *Solidariedade*, xa

que ata 1933 o asunto principal era o fomento da solidariedade da clase traballadora e a defensa do apoio mutuo como arma fronte á opresión. Porén, dende este ano, a principal temática será a chamada a realizar boicots ás empresas e empresarios que violasen os acordos coa Federación Local e os dereitos acadados polo proletariado, utilizando así a solidariedade como ferramenta de presión colectiva fronte á inxustiza vivida por algúns compañeiros e compañeiras.

### **3.2.4. Socialización de Xénero Feminina**

A categoría de *Socialización de Xénero Feminina* é fundamental para comprender as dinámicas de xénero e as perspectivas feministas dentro do movemento anarquista. Esta categoría está subdividida en dúas temáticas principais: *Reproducción de Estereotipos de Xénero Patriarcais* e *Crítica aos Estereotipos de Xénero Patriarcais*. A análise desta categoría proporciona unha visión detallada da maneira en que se abordaban as cuestións de xénero nas publicacións anarquistas do período comprendido entre 1925 e 1936.

Para realizar unha análise cuantitativa exhaustiva, examináronse o número de artigos ao longo dos anos, así como a proporción que representan estas temáticas no conxunto total dos artigos. Dos 365 artigos analizados entre 1925 e 1936, 11 pertencen a esta categoría; o que supón aproximadamente un 7,8% do total. Esta proporción reflicte a relevancia da cuestión de xénero nas publicacións anarquistas da época, evidenciando unha preocupación constante aínda que nada predominante comparativamente con outras temáticas. Destaca o equilibrio entre os dous ítems que compoñen a categoría, xa que ámbolos se sitúan preto do 50% de presenza (Figura 9).

Dende 1925, hai artigos que destacan a necesidade de emancipar ás mulleres no ámbito doméstico e no social. A crítica aos estereotipos patriarcais é especialmente forte nos anos 1931 e 1933, onde se publican numerosos artigos que denuncian a explotación das mulleres no traballo e na vida doméstica. Un exemplo elocuente de crítica aos estereotipos e ao menosprezo cara ás mulleres maniféstase cando se di que: "hablar de la debilidad de la mujer, de la ineficacia de su labor en las modernas luchas sociales, es desconocer totalmente éstas" (SOLC, 1932, nº 80, p. 1); unha declaración que reflicte unha clara oposición ás visións tradicionais que minimizan a contribución das mulleres nas loitas sociais e políticas.

Non obstante, tamén hai exemplos de reprodución de estereotipos tradicionais, especialmente en artigos que subliñan a importancia do papel da muller no fogar. Un artigo de 1931 expresa que "la mujer tiene una misión más elevada que la de ser esclava" (SOLC, 1931, nº 12, p. 2), referíndose ao deber de ser nai. Este contraste revela a tensión existente dentro do movemento anarquista en torno ao papel das mulleres, reflexionando en torno ao esforzo por equilibrar a emancipación das mulleres coa preservación de certos roles tradicionais. Esta dualidade nas publicacións suxire unha loita interna dentro do movemento


para reconciliar os ideais de igualdade e emancipación coa realidade social e cultural da época (vexase a táboa 12 do anexo VIII).


A análise cuantitativa revela un aumento notable –en 1931 e 1933– no número de artigos dedicados a esta categoría nos anos de maior conflictividade social e económica (Figura 10); o que suxire que as crises intensificaban a reflexión sobre os roles de xénero e a necesidade de transformación social. A temática de *Crítica aos Estereotipos de Xénero Patriarcais* mantén unha presenza forte e constante ao longo dos anos, aínda que especialmente destacada en 1931 e 1932; un período que coincide con momentos de alta mobilización e organización dentro do movemento anarquista e feminista, onde a cuestión de xénero emerxe como un elemento crucial das loitas sociais.

A temática referida á *Reproducción de Estereotipos de Xénero Patriarcais* engloba artigos que –directa ou indirectamente– reforzan os roles e estereotipos tradicionais de xénero; unhas publicacións que presentan ás mulleres realizando principalmente as funcións domésticas e subordinadas aos homes, perpetuando así a estrutura patriarcal. Nos primeiros anos da década de 1930, observamos que estas contribucións se centraban a miúdo na importancia das mulleres como coidadoras e na súa responsabilidade para coas súas familias. Por exemplo, en 1933, un artigo afirmaba que "La feminidad, no puede destruirla el Comunismo Libertario (...) la mujer será mucho más útil en la casa que fuera de ella" (SOLC, 1933, nº 118, p. 4). Unha cita que exemplifica a visión tradicional que se tiña das mulleres, onde se priorizaba o seu papel no fogar sobre a súa participación no ámbito público e/ou laboral.

### Figura 9

*Intensidade da presenza de cada un dos ítems de Socialización de xénero feminina nos semanarios*



**Figura 10***Evolución da presenza de Socialización de Xénero Feminina nas publicacións*

A medida que avanza a década (táboa 13 do anexo VIII), estas ideas mantéñense en varios artigos, pero comézanse a introducir diferentes matices que recoñecen as contribucións das mulleres fóra do ámbito doméstico. Aínda así, a reprodución de estereotipos segue sendo unha tónica preponderante, tal e como se evidencia nas publicacións que insisten en responsabilizar ás mulleres da súa falta de participación social nos movementos obreiros, argumentando do seguinte xeito:

Pensad por un momento que vosotras representáis un papel importantísimo en la vida; que tenéis el deber de secundar todas las obras buenas que lleve a cabo el género humano y sin embargo con una despreocupación rayana en el inverosímil os pasan desapercibidos los acontecimientos por graves que sean. (Solidaridad, 1935, nº 8, p. 4)

Unha forma de pensamento que tamén se traslada ao eido educativo regrado, con declaracións sobre os contidos das materias escolares como: "A la higiene y a la puericultura se les acordará un lugar preferente, educando a la mujer para ser madre desde la escuela" (Solidaridad, 1936, nº 46, p. 2).

Esta persistencia na reprodución de estereotipos de xénero patriarcales reflicte unha resistencia ao cambio nas concepcións tradicionais de xénero. A través destes artigos, vese claramente como a prensa anarquista da época contribuía –consciente ou inconscientemente– a manter e perpetuar as estruturas sociais patriarcales, malia os seus obxectivos emancipatorios noutros ámbitos.

Por outra banda, o ítem *Crítica aos Estereotipos de Xénero Patriarcais* recolle artigos que cuestionan e desafían os roles tradicionais asignados ás mulleres. Esta temática é particularmente significativa xa que reflicte un esforzo consciente por parte do movemento anarquista para abordar e combater as inxustizas de xénero. Algúns artigos responden a esta crítica de estereotipos de xeito moi progresista para a época, subliñando a importancia da autoemancipación das mulleres e o rexeitamento das institucións opresivas como a relixión: "no somos sin embargo partidarios de libertar a la mujer de las garras del catolicismo y aun del protestantismo; porque esto implicaría reconocer que esta libertad dependía de nosotros (...) creemos que es ella, unicamente ella, la que debe emanciparse" (SOLC, 1931, nº 18, p. 2). Así, outros artigos destacan que "para que una revolución sea profunda, para que el trastocamiento de un régimen sea total, es necesario la capacitación de la mujer que la haga ser actor de la tragedia social, no mera espectadora..." (SOLC, 1932, nº 80, p. 1); unha declaración de intencións que subliña a necesidade de que as mulleres sexan axentes activos no proceso revolucionario, rompendo coas nocións de pasividade e dependencia.

En 1935, o aumento significativo da intensidade dos artigos é inversamente proporcional ao número deles (táboa 13 do anexo VIII); ilustrando unha chamada á acción clara e directa en prol da ruptura das limitacións socialmente impostas polo patriarcado na seguinte cita:

Hermanas, hemos de dejar de ser las bestias de carga, las esclavas del delantal y de la escoba, las eternas muas de placar, como se nos considera. Hemos de sacudir todo ese lastre de prejuicios de la moral religiosa y ser "dueñas" de nosotras mismas. Hemos de ser libres, intensamente libres; libres para trabajar, para comer, para pensar y para amar... a quien nos merezca amos, a quien deseamos nosotras (SOLC, 1934, nº 166, p. 1).

Ao longo do período analizado, obsérvase unha evolución clara nas publicacións anarquistas con respecto á cuestión de xénero. Así, nos primeiros anos evidénciase con menor incidencia a reprodución de estereotipos patriarcais, e a medida que avanzan os anos 30, a crítica a estes estereotipos diminúe de maneira significativa. Esta evolución reflicte un cambio nas prioridades do movemento anarquista ou na reacción fronte ás primeiras expresións de emancipación feminina, onde a igualdade de xénero e o feminismo comezan a ocupar un lugar máis apartado ou se trasladan a revistas específicas destinadas para as mulleres.

A análise comparativa entre estas dúas temáticas revela que –aínda que sempre houbo unha presenza de estereotipos patriarcais– a crítica a estes estereotipos foi máis articulada nos primeiros anos (1931-1934), diminuíndo co paso do tempo. O ítem *Reprodución de Estereotipos de Xénero Patriarcais* supera lixeiramente ao de *Crítica aos Estereotipos de Xénero Patriarcais*, reflectindo un esforzo inicial –pero acalado– no

cuestionamento e no desafío dos roles tradicionais de xénero. Ao longo dos anos, as temáticas máis tratadas por parte desta crítica foron as relativas á relixión e o traballo doméstico como espazos de escravitude para a muller. Mentres tanto, os contidos que reproducen os estereotipos continúan pola liña do lugar natural da muller na sociedade e dos discursos esencialistas que impoñen á muller un carácter amable e comprensivo.

Comparando a distribución anual e a proporción dos ítems, obsérvase que a reprodución dos estereotipos patriarcais gañou peso a medida que avanzaba a década de 1930, especialmente a partir de 1934; un período que coincide cun contexto político e social máis turbulento, onde as cuestións de xénero e a igualdade adquiriron maior prominencia no discurso anarquista, pero tamén atoparon unha gran presión e oposición. Isto reflicte a complexidade e a evolución das dinámicas de xénero dentro do movemento. A inicial crítica articulada aos estereotipos patriarcais vese ensombrecida pola persistencia e incluso incremento da reprodución destes estereotipos, suxerindo unha loita interna no movemento, a fin de equilibrar as aspiracións de igualdade de xénero coa realidade cambiante das circunstancias sociais e políticas.

En conclusión, esta categoría revela un diálogo na contradición constante ao longo das publicacións, así como unha evolución da temática influída pola intervención doutras estruturas. Porén, é importante precisar que se ben ata 1931 non se tiña escrito nos semanarios sobre mulleres (en ningunha das direccións), o feito de que se comezase a escribir sobre elas reflicte a preocupación social e o clima feminista arredor do movemento anarquista. De feito, a presenza de artigos referidos que interpelan directamente ás mulleres constitúe unha sinal desta realidade social.

### **3.3. Conclusións parciais da análise de contido**

A análise dos artigos publicados nestes semanarios anarcosindicalistas entre 1923 e 1936 ofrece unha visión profunda e detallada do movemento anarquista galego, revelando un panorama multifacético que abarca a educación, a asistencia social, a solidariedade e a socialización de xénero. Este período está marcado por intensos conflitos internos e transformacións sociais que moldearon a dirección e as prioridades do movemento.

Dende o inicio do período analizado, a CRG experimentou significativas controversias internas e reorganizacións. Ata 1931, a falta de un posicionamento claramente establecido creaba un escenario de loitas ideolóxicas constantes entre as faccións moderadas e radicais. Este escenario mudou coa publicación do *Manifiesto de los Treinta*, que marcou unha viraxe cara a unha postura máis moderada. Esta decisión, non exenta de conflitos, rematou a súa traxectoria coa dimisión de José Villaverde en 1933 como secretario xeral, permitindo a entrada de figuras máis próximas á FAI, como o coruñés José Moreno Torres ou o muradán Claro José Sendón. Esta nova dirección máis radical influíu decisivamente na orientación das

publicacións da CRG. Cómpre mencionar que esta conflictividade social e laboral ven dada pola conxunción dunha etapa democrática republicana e dunhas leis pouco coherentes a esta, como foi a Lei de Orde Pública do 28 de xullo de 1933, pola cal se consideran como actos contrarios á orde pública, e polo tanto penados, todas as folgas ilegais, non só aquelas con finalidades non económicas ou laborais, senón tamén calquera que infrinxira a lexislación vixente. Esta lei estivo vixente dende entón ata o comezo da guerra, polo que a maior en grande parte do período republicano as garantías constitucionais estiveron suspendidas.

A evolución da dirección editorial foi evidente no semanario *Solidaridad*, que durante este período viu o remate de colaboracións históricas como José Villaverde, Crémer Alonso, Karper e Gastón Leval, e a chegada de figuras máis radicais como Rudolf Rocker, Diego Abad de Santillana e Jaime Baella. Este cambio foi acompañado dunha énfase renovada en temas laborais, ao tempo que se mantiveron debates sobre outras cuestións sociais e políticas, mais con menor interese.

Dentro desta cronoloxía, as categorías de *Educación Popular* e *Educación Regrada* reflicten dúas abordaxes distintas pero complementarias. A *Educación Popular*, máis orgánica e espontánea, destacou particularmente durante os anos de maior conflictividade social, como 1933 e 1934. Este enfoque buscaba proporcionar á clase traballadora as ferramentas prácticas e os coñecementos necesarios para mellorar as súas condicións de vida e fomentar a súa autonomía. Con todo, e malia ser esta a educación máis presente ao longo dos anos, a *Educación Regrada* é a máis teorizada, sen isto desmerecer a sólida base argumental que comparten ambas categorías. Porén, aínda sendo moito menos teorizada, é a *Educación Popular* aquela que ten unha maior presenza na axenda dos sindicatos, ateneos e colectivos anarquistas. Esta presión é moi visible no descenso de actividade durante 1934 e, sobre todo, 1935, cando o goberno cedista clausura sindicatos e espazos de sociabilidade co fin de erradicar a conflictividade social so momento. De feito, ao reabrir estes espazos co Fronte Popular, estas son as actividades que máis rapidamente se retoman, tendo en 1936 un auxe inaudito –tendo en conta que só houbo publicacións ata xullo–.

A *Educación Regrada*, aínda que menos presente nos primeiros anos, gañou maior relevancia a partir de 1931, coincidindo co cambio na postura da CNT e da CRG. Claro José Sendón, faísta e de postura máis radical que Villaverde, promoveu un enfoque estruturado que non só se centraba na formación técnica, senón tamén na preparación moral e física para a revolución. Este cambio de énfase estivo fortemente influenciado polo *treintismo*, que defendía a preparación integral para a revolución a través da acción directa, pero tamén mediante unha sólida formación educativa que capacitase ao proletariado para liderar os cambios sociais. A influencia do treintismo e a súa postura contra o insurreccionalismo cenetista incentivaron unha ampla representación de contidos educativos nas publicacións anarquistas. Esta perspectiva defendía que a preparación para a revolución debía abarcar

non só a formación intelectual senón tamén o desenvolvemento ético e corporal das clases populares, promovendo unha revolución total que abarcase todos os aspectos da vida. Esta visión da educación estaba intrinsecamente ligada ás propostas pedagóxicas do racionalismo ferrerista –modelo educativo que é repetido continuamente ao longo dos anos–, pero cuxo cénit coincide coa chegada da Segunda República, non por concordar cos seus preceptos, senón pola reorientación dos debates políticos cara a educación, a escola e o maxisterio, temáticas, agora de actualidade, que levaban no discurso ácrata facía décadas. É por isto que este momento de efervescencia e renovación pedagóxica foi un punto de inflexión tamén para a pedagogía anarquista en calquera das súas formas.

A *Solidaridade* e a *Asistencia Social* tamén foron piares fundamentais do movemento anarquista durante este período. A evolución destas prácticas ao longo dos anos reflectiu unha resposta adaptativa e profunda ás cambiantes condicións sociais e económicas. A solidariedade manifestouse a través de accións como o boicot a empresas que maltrataban aos traballadores e traballadoras ou se opoñían aos acordos da Federación Local. Estes esforzos non só buscaban proporcionar alivio inmediato ás dificultades materiais, senón que tamén fortaleceron os lazos comunitarios e promoveron unha ética do coidado mutuo. A transformación editorial do semanario *Solidaridad* e a crecente conflitividade social a partir de 1933 intensificaron a atención a estes ítems, evidenciando un compromiso profundo coa xustiza social e a liberdade humana. A *Asistencia Benéfico-Social* dirixíase a apoiar ás persoas máis vulnerables, como presas e desempregadas, aliviando o seu sufrimento inmediato e establecendo unha base sólida para a resistencia e solidariedade a longo prazo. Estas iniciativas reflectían o compromiso do movemento anarquista coa equidade social, proporcionando un contrapeso esencial ás inxustizas da época.

A categoría de *Socialización de Xénero Feminina* reflecte as complexidades e contradicións do movemento anarquista en relación coa igualdade de xénero. Nos primeiros anos do período analizado, especialmente entre 1931 e 1934, houbo un esforzo notable por cuestionar e desmantelar as estruturas patriarcais. As publicacións anarquistas desta época promovían a emancipación das mulleres, recoñecendo a súa importancia non só como participantes pasivas, senón como axentes activas na loita social e revolucionaria. Porén, a partir de 1935, observouse un cambio significativo na posición do semanario, que levou a unha maior reprodución dos roles de xénero tradicionais –tendencia que xa se viña vendo dende anos anteriores–. Esta transición pode ser vista como un reflexo das tensións internas e das transformacións sociais e culturais que o movemento anarquista intentaba promover. A evolución das categorías revela unha dinámica complexa entre a crítica aos estereotipos de xénero e a perpetuación dos mesmos, destacando a loita do movemento para equilibrar as aspiracións de igualdade de xénero coa realidade das circunstancias sociais e políticas contrarias a este sentir. As principais ideas de reprodución suxiren que as mulleres deben

servir á causa anarquista principalmente dende as súas posicións tradicionais como coidadoras, nais e esposas, reforzando así os roles establecidos que as sitúan nun ámbito doméstico. Mentres tanto, as ideas de crítica a estes estereotipos redúcense a críticas sobre institucións (Igrexa, Estado ou traballo) en abstracto, máis que no cuestionamento, tamén lexítimo, ás actitudes individuais dos seus compañeiros. Do mesmo xeito, a cada vez menor profusión de discursos feministas nos semanarios pode estar ligadas ao xurdimento de outras revistas alternativas e especializadas nestes discursos cara finais do período republicano, como foi *Mujeres Libres*. Neste caso, a orixe da revista puido ser a reacción ante o silenciamento destes discursos nas revistas anarquistas do momento, como *La Revista Blanca* ou *Solidaridad Obrera*.

#### **4. Unha breve achega ao pensamento pedagóxico no anarcosindicalismo galego**

A educación colectiva e comunitaria é un pilar fundamental no pensamento anarquista, mais tamén na vida cotiá na Galicia rural, polo que intersecciona especialmente neste contexto. Esta concepción da educación transcende a mera transmisión de coñecementos e habilidades, integrándose profundamente co desenvolvemento comunitario e coa dinámicas educativas que promoven a emancipación social. O anarquismo galego –influenciado polas ideas de pensadores como Rousseau– promoveu unha educación que protexía e capacitaba ás persoas fronte ás influencias corruptoras da sociedade, tal e como se reflicte nalgún dos textos analizados, nos que se afirmara que era necesario "educarlos y ampararlos contra las asechanzas perniciosas del ambiente social" (SOLC, 1925, nº 88, p. 2).

Os principios de desenvolvemento comunitario, que subliñan a formación das propias persoas para o seu autogoberno, conforman a visión anarquista da educación. Así, tal e como se menciona no ano 1935 en *Solidaridad*, "La capacitación de las masas para que lleguen a poseer facultades para el auto gobierno, constituye la verdadera preocupación de los anarquistas" (nº 6, p. 3); unha perspectiva que defende que a educación non só debe ser accesible, senón que intrinsecamente ha de ser democratizadora, outorgando oportunidades para participar plenamente e de forma equitativa nas dinámicas –educativas, sociais e culturais– da súa comunidade.

Neste contexto, evidénciase que a horizontalidade na educación é esencial; pois a defensa da democratización cultural non só implica unha educación máis accesible a toda a clase traballadora, senón tamén valorar e integrar os saberes colectivos e populares no conxunto da cidadanía. Unha democratización que busca (re)crear unha educación popular real, onde o coñecemento sexa construído de igual a igual sen que veña imposto cun sesgo vertical de arriba cara abaixo. Un enfoque que, no fundamental, desafía as estruturas educativas tradicionais, pois adoitan ser xerárquicas e burocratizadas, propoñendo unha

metodoloxía que promove e facilita o diálogo e o debate aberto, concretándose nunha democracia cultural.

No anarquismo galego, a educación concíbíase como desinstitucionalizada e desregrada, primando unha Educación Social que abarca desde o apoio material e moral como a formación máis intencional, rexeitando a burocratización da educación e a súa semellanza cunha produción en cadea. En cambio, promóvese unha educación personalizada e individualizada, onde cada persoa é única e singular nas súas necesidades e capacidades. Neste sentido, máis de tres cuartas partes dos artigos totais analizados reflicten un compromiso co que se podería denominar Educación Social –tal e como a describen Guereña et al. (2010), como unha suma da Educación Popular e a Asistencia Benéfico-Social–. Este concepto abrangue non só a educación intencional, senón tamén o apoio mutuo e a solidariedade como formas fundamentais de aprendizaxe e desenvolvemento comunitario. Así, a popularización da educación é esencial neste enfoque, pois pretende a accesibilidade do coñecemento para todas as persoas, independentemente da súa clase social ou posición económica.

A metodoloxía educativa proposta polo anarquismo galego durante este período era de corte indutivo, aberta ao diálogo e ao debate; unha metodoloxía que contrasta co enfoque tradicional, a miúdo baseada nunha transmisión unidireccional do coñecemento. A través da educación, o anarquismo pretendía fomentar o pensamento crítico e a capacidade dos individuos para cuestionar e colaborar con diferentes ideoloxías. Así, a educación non se concibía como un proceso neutral, senón como un acto intrinsecamente político e posicionado, tal e como se reflicte na cita de Solidaridad de La Coruña do ano 1931: "Pero la causa de todo, tu no la tienes, no. Es causa de la incultura que hoy día se enseño de nuestra nación" (SOLC, 1931, nº 44, p. 3).

O recoñecemento dunha educación nesgada e pouco neutral leva a unha postura que non só acepta esta realidade, senón que a abraza como parte do proceso educativo. A transparencia na transmisión de valores e a apertura ao diálogo permiten tender pontes e fomentar a colaboración entre diferentes correntes ideolóxicas. Este enfoque contribúe a desenvolver unha cidadanía informada e crítica, capaz de participar activamente na súa propia emancipación ademais de colaborar coas posturas ideoloxicamente máis lonxanas.

En termos aristotélicos, a educación é vista como a entelequia da emancipación social; é ao mesmo tempo como medio para alcanzala e coma un fin en si mesma. A educación non só capacita ás persoas para resistir ás forzas de opresión, senón que establece as bases para unha transformación social máis ampla e duradeira; e o movemento anarquista tratou de responder ás necesidades inmediatas para establecer unha base sólida para garantir a resistencia e a transformación social, promovendo tamén a solidariedade e a crítica aos estereotipos de xénero. Esta profunda interconexión entre a teoría e a práctica

subliña a natureza adaptativa e comprometida deste movemento coa equidade social e o valor da vida humana.

En síntese, o movemento anarquista galego que tivo lugar entre 1923 e 1936 desenvolveu unha visión educativa profundamente enraizada cos principios da comunidade, da horizontalidade e da emancipación social. Unha educación que –influenciada pola pedagogía social europea– comportaba unha ferramenta esencial para a capacitación das comunidades e os seus membros, para promover a resistencia fronte á opresión, ademais de impulsar o traballo colaborativo en aras dun futuro máis xusto e equitativo, primando unha educación que –lonxe dos contextos regrados e institucionais– era *para e da* sociedade.

### **Conclusións**

A análise da educación do movemento anarcosindicalista galego a comezos do século XX representa un desafío metodolóxico significativo e revela unha rica tradición de compromiso co desenvolvemento integral dos individuos e a loita pola xustiza social. En primeiro lugar, e como limitación deste estudo, cómpre destacar que a construción e validación das categorías de análise precisaría da intervención de máis investigadoras, a fin de asegurar a fiabilidade e validez do estudo. Con todo, a pesar da creación *ad hoc* e emerxente das categorías, a ausencia dunha revisión independente limita a profundidade e precisión da propia análise. Porén, este proceso requiriría a revisión por parte doutras especialistas en Historia da Educación, a fin de corroborar –ou mellorar– esta categorización inicial; pero a falta de tempo, os limitados recursos e o escaso persoal especializado na Facultade de Ciencias da Educación da USC obstaculizou esta etapa de validación, polo que a categorización realizada considerouse suficiente para este estudo inicial.

Ademais, a ausencia de triangulación da información, a través doutros medios de comunicación da época ou documentos lexislativos relacionados coa educación, compromete a amplitude –que non do rigor– da perspectiva ofrecida. De aí que, en futuras investigacións se podería realizar unha análise máis completa que incluíse fontes adicionais que puidesen ofrecer unha óptica máis rica e multidimensional da realidade educativa do momento. Neste sentido, a presente investigación recoñece as súas limitacións ao ofrecer unha perspectiva parcial sobre a educación no movemento anarcosindicalista galego, sen que isto implique necesariamente un nesgo nos resultados.

É importante subliñar que, a pesar destas limitacións, o estudo ofrece unha visión valiosa sobre a educación no contexto do anarcosindicalismo galego de principios do século XX; un movemento que contaba con valores trasversais e incuantificables que –pese a non incluírse nas categorías de análise– son fundamentais para comprender o seu enfoque educativo. Entre eles destacan o apoio material e moral ás persoas presas e a denuncia das pésimas condicións de vida nos cárceres; amosando as conexións da educación social a

través da preocupación constante por unha educación que fose garante dos dereitos fundamentais das persoas e que promovese a xustiza social e a solidariedade, como elementos esenciais dunha educación integral e humanista. A este respecto, cómpre dicir que a educación anarcosindicalista non só se centraba na transmisión de coñecementos académicos, senón que procuraba inculcar un contido axiolóxico necesario para a construción dunha cidadanía crítica e comprometida.

Por outra banda, a defensa da cultura de paz e o antimilitarismo constitúen outro alicerce fundamental do enfoque educativo ácrata. Estes conceptos promovían unha educación que rexeitaba a violencia e o uso da forza como medio de resolución de conflitos, avogando por métodos pacíficos e dialogantes; en consonancia coa formación de persoas comprometidas coa construción dunha sociedade máis xusta e equitativa, a través da resolución pacífica das diferenzas.

Ademais, reivindicábase a redución da xornada laboral pois tiña implicacións educativas e sociais significativas. Esta demanda non só pretendía mellorar as condicións laborais das persoas traballadoras, senón garantir o dereito ao lecer como un aspecto esencial para o desenvolvemento integral do individuo. Así, o tempo libre era –e é– un dereito fundamental para a formación persoal, o que inclúe tanto a educación regrada como a oportunidade de participar en actividades culturais, sociais e recreativas que enriquecen a vida comunitaria. O dereito ao ocio está intimamente ligado ao concepto de educación integral, pois o tempo dedicado ao descanso e ao desenvolvemento persoal recoñécese como fundamental porque contribúe á aprendizaxe e benestar do individuo.

Estas consideracións indican que a educación no contexto do anarcosindicalismo galego era moito máis ampla e rica do que a *priori* podería parecer. O enfoque educativo ácrata non se limitaba aos contidos curriculares, pois incluía unha ampla gama de valores e prácticas –sociais, educativas e culturais– que contribuían ao desenvolvemento integral dos individuos.

Malia as limitacións metodolóxicas mencionadas, o estudo realizado ofrece unha visión profunda e detallada sobre a educación no movemento anarcosindicalista galego. A análise realizada permite entrever a complexidade e a riqueza deste movemento, así como o impacto na educación e na propia comunidade. De aí a necesidade de recoñecer que outros elementos educativos presentes nos semanarios da época non se incluíron debido á súa transversalidade e á dificultade para integrar máis categorías de análise, pois excederían as dimensións deste estudo. Estes elementos abarcan unha variedade de temas e valores que resultan fundamentais para unha comprensión máis completa do enfoque educativo ácrata; unha liña de investigación que podería desenvolverse en futuros traballos.

Á marxe destas limitacións, cómpre destacar que Galicia –a pesar de ser percibida como unha rexión predominantemente rural con unha proletarización tardía e feble– destacou

como un dos territorios máis combativos no contexto do movemento obreiro, especialmente a través do movemento anarquista na cidade herculina. Un fenómeno que, como explica Míguez Macho (2008a), pode deberse á relación dos individuos coa terra, pois proporcionáballes unha maior autonomía e capacidade de resistencia en tempos de conflito urbano. Esta capacidade para acceder de maneira autónoma aos produtos de primeira necesidade dotou á clase traballadora galega dunha maior resiliencia e compromiso na loita obreira.

No que respecta á perspectiva pedagóxica do anarcosindicalismo galego prefranquista, merece destacarse a súa natureza dinámica e interconectada entre pensadoras e militantes ácratas (Sánchez Parra, 2018). Esta perspectiva educativa transdisciplinar e interclasista, medra en paralelo con outras correntes como a Escola Nova, baseadas no construtivismo pedagóxico de principios do século XX. Malia que estes movementos non tiñan un propósito revolucionario explícito como si tiña o libertario, compartía co anarcosindicalismo unha visión da educación orientada ao desenvolvemento integral do individuo e á transformación social.

En definitiva, a educación ácrata en Galicia –ao combinar elementos pedagóxicos progresistas cunha firme intención de cambio social– ofrecía unha visión educativa profundamente enraizada cos valores de igualdade, liberdade e solidariedade. Esta perspectiva non só era relevante no seu contexto histórico, senón que na actualidade segue a ser unha práctica socioeducativa inspiradora, ao ofrecer valiosas leccións sobre a importancia da educación como motor que impulsa o cambio social. Asimesmo, a capacidade da clase traballadora galega para resistir e adaptarse aos desafíos, combinada coa súa rica tradición educativa, proporciona un exemplo duradeiro da importancia da educación na loita pola equidade e a autoorganización social.

## Bibliografía

### Fontes primarias documentais

Solidaridad Obrera de La Coruña. Semanario órgano de la Confederación Regional Galaica [SOLC], entre 1923 e 1935 (épocas I e III).

Solidaridad. Semanario Órgano de la Confederación Regional Galaica, entre 1935 e 1936 (anos I e II).

### Referencias Bibliográficas

Amado, J., Costa, A. P. e Crusoé, N. (2014). A técnica da análise de conteúdo. En J. Amado (Coord.), *Manual de Investigación Qualitativa em Educação* (pp. 301-352). Universidade de Coimbra.

Bardin, L. (1996). Análisis de contenido. Akal.

Barreiro Rodríguez, H. (1984). Hacia una historia de la educación en Galicia: algunas cuestiones de método. *Bordón: Revista de pedagogía*, (253), 399-404.

Barral Martínez, M. (2012). De cómo nace el movimiento obrero en Galicia (1870-1900). *Revista General de Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social*, 31.

Barreiro Fernández, X. R., Moreno González, X., Palomares Ibáñez, J. M., Varela González, I. e Colectivo Xerminal, (1990). *O movemento obreiro en Galicia: catro ensaios*. Edicións Xerais de Galicia.

Brey, G. (1982). El movimiento obrero en La Coruña entre 1881 y 1889. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 33(98), 345-372.

Brey, G. (1994). Mutualismo popular y mutualismo obrero en Galicia (1841-1910). En Santiago Castillo (ed.), *Solidaridad desde abajo. Trabajadores y Socorros Mutuos en la España contemporánea* (pp. 245-255). Centro de Estudios Históricos de la UGT.

Brey, G. (2001). Sociabilidad obrera y prácticas teatrales en Galicia (1894-1910). En A. Valín (dir.), *La sociabilidad en la historia contemporánea. Reflexiones teóricas y ejercicios de análisis* (pp. 97-121). Duen de Bux.

Brey, G. (2005). La sociedad gallega entre 1875 y 1936. En J. de Juana e J. Prada (coords.), *Historia contemporánea de Galicia* (pp. 169-202). Ariel.

- Brey, G. (2019). El Corsario, semanario anarquista coruñés contra viento y marea. En J. Prada Rodríguez e D. Rodríguez Teijeiro, *Indivisa Manent, Estudos en homenaxe a Jesús de Juana* (pp. 269-302). Editorial Galaxia.
- Cardoso, C. (2000). *Introducción al trabajo de la investigación histórica*. Grijalbo.
- Caride Gómez, J. A. (2005). *Las fronteras de la Pedagogía Social: perspectivas científica e histórica*. Gedisa.
- Caride Gómez, J. A. e das Neves Vieira, R. M. (2023). A Educación Social como relato histórico de amplas avenidas pedagóxicas e sociais. *Sarmiento: Revista Galego-Portuguesa de Historia da Educación*, 27, 13-25.  
<https://doi.org/10.17979/srgphe.2023.27.0.10115>
- Cabo Villaverde, M. (2009). Galeguismo, agro e agrarismo na Galicia da II República. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, (122), 371-389.  
<https://doi.org/10.3989/ceq.2009.v56.i122.69>
- Costa Rico, A. (1989). *Escolas e Mestres. A Educación en Galicia: da Restauración á II República*. Consellería da Presidencia e Administración Pública.
